

## XOGOS DE VIDA, AMOR E MORTE EN AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO

José Luis Cardero López

### RESUMEN

*El poeta de Seivane, nacido en el ayuntamiento de Abadín, provincia de Lugo el 12 de junio de 1909, es uno de los grandes poetas de la Literatura Gallega. Sus obras se utilizan en este trabajo para hacer un estudio antropológico - hermenéutico sobre la contingencia convivencial de gentes y lugares lucenses, intentando poner de manifiesto la mediación textual en los elementos personales y materiales del entorno vital.*

### RESUMO

O poeta de Seivane, nacido no concello de Abadín, provincia de Lugo o 12 de xuño de 1909, é un dos grandes poetas da Literatura Galega. A suas obras utilízanse en este traballo pra facer un estudio antropolóxico - hermenéutico sobor da continxencia convivencial de xentes e lugares lugueses, tentando poñer de manifesto a mediación textual nos elementos persoais e materiais do entorno vital.

### LIMIAR

Un Texto ten moitas lecturas, polo mesmo que ten unha pluralidade indeterminada de Lectores. O vencillo entre os vértices dese triángulo máxico composto polo Autor, o Texto i o Lector, está cheo de amores, de aborrecementos, de esperanzas, de bágoas... de indiferencias tamén, porque non. Lonxe da frialdade e do estatismo, o Texto vive, alóngase e fala noutros textos, interactúa co grupo humán que o viu nacer, que o reconece e recibe como de seu. O Texto é xustamente celme vivo dunha colectividade. Seu discurso exprésase cunha metalinguaxe, testemuño do xeito como a Verba chega ó Ser.

Falamos aquí dun poeta e das suas verbas, nadas ó calor da vida montesía e campeña dos seus primeiros anos. Esas voces semellan vinculadas cos lenes, meudos e doces retrincos das brétemas da Terra, axuntadas para sempre co espírito, coa maneira de ser, de vivir e interpreta-lo Mundo dos poboadores diste Fisterre atlántico e case peninsuar, o dicir de Otero Pedrayo. Nesos tesouros chegados ata a Home dende o reino benaventurado dos deuses, é posibre estremar aínda a vea dourada –sinal da sua calidade inmortal- que leva e nos remonta ata as orixes, cando nada fora aínda nomeado.

Outro gran poeta –certamente un dos mais nobres, daqueles que encheran os ollos de Inmensidade- deixounos dito dende as beiras calmas do Neckar, cabe a frondía da Platanenalle, en Tübingen: *...puxéronse a verbas coa divinidad, mais esquecendo xustamente que as primicias non pertencen ós mortais, que son pegullo dos deuses. Tense que facer correntío o froito, chegar a ser cousa de todo-los días, para que poida pertencer ós homes*<sup>1</sup>.

De iso falamos, pois. Da materia común da que están feitos deuses e homes. Friedrich Hölderlin, que noutrora cantou co sopro divino da Verba, para afondares logo no abismo da noedade e da loucura, foi, o mesmo que o noso poeta de Seivane, testemuña do segredo maior, dise que só pode ser recollido por algunhas ánimas peregrinas, polos nenos, por aqueles que non recean oír o bruar oceánico, nin o queixume dos carballos. É o misterio coidosamente gardado polos vellos numes en cadeas de rocha, auga e toxo. Podese escoitar, dóce, mais dotado coa inmensa forza da Terra, chegando a orella ós penedos, salmodiado por voces descoñecidas na noite de fragas e corredoiras, brincando na raiola que xoga a erguer pazos de luz entre as xestas da serra. É a revelación da Verba: *Somente onde haxa Verba haberá Mundo. Somente onde haxa mundo haberá historia*<sup>2</sup>.

A Verba é se cadra o mais alto bén do Home, xa que dispon da derradeira posibilidade de que o Home sexa, sinala Heidegger. A verba do poeta está mais preto do Espírito que outras. Se cadra. Incertidume do Ser que, xa nomeado, feito xa ún coa propia realidade, rexeita dar pasos no vacío do Mundo. Aquilino reflexa asina isa anguria do que leva a mensaxe dos deuses: *Non teño ningunha idea de nada...Amo, sufro e trato de comprender*<sup>3</sup>. Para el, antes de xogar coa vida, co amor e ca nosa implacabel compañeira, a Morte, compre tomar conciencia daquela sombra que invade o dóce sol da mañan, que fai chiscar os ollos da alma, eses ollos que –só eles- poden contemplar ós deuses gabándose do segredo que os homes quixeran roubarlles.

O poeta impóñese tamen coa súa fala as arelas dunha viaxe infinda. Viaxe que, como alguns Textos, ten dentro de sí abismos referenciais, voces sinxelas esmorecidas polo trono das voces rexas, diálogos con seres que viven moi agachados na alma. Isa viaxe de viaxes comeza co abrete da existencia. Contempra horizontes familiares e costumes descoñecidas. Alenta a esperanza de chegar, mais ó momento vese arrastado polo camiño sen remate que leva ó arteficio da Verba. Quere delongarse un intre –Aquilino xa o dípara facer ise *esfuerzo doroso polo afán de arrodear, de encher, de eternizar de luz as cousas*<sup>4</sup>. Mais é impelido, tristeiro pola eterna saída, inda que cobizoso por ollar aquilo que existe alén do horizonte.

Ise movemento é primeiramente anímico; unha volta de ser encol de sí e un alongarse fora. De tal xeito, existen poetas esvaídos, poetas benfadados có verso aletexante, poetas rigorosos que erguen milagres sonoros; tamén existen poetas vagamundos, tecedores de anceios con liñas ceibes do arrecendo montesío, artesans das brétemas chegadas do Alén (*Flor do menceir, Herbas de nebra soñada*<sup>5</sup>), inventadores de causas para as estrelas que refulxen nos lindeiros do ceo celta. O Lord Dunsany foi un deles (*¡Bos días!, decíamlle as fadas que durmen da outra banda do mar*, cantou dil Cunqueiro). O malpo-

<sup>1</sup> F. HÖLDERLIN: Werke, IV, 238. En *Holderlin y la esencia de la poesía*, M. Heidegger. Ed. Anthropos, Barcelona, 1989. Pág. 24. ISBN 84-7658-163-7

<sup>2</sup> *Ibidem*, pág. 25.

<sup>3</sup> A. IGLESIA ALVARIÑO, *Poetas*, Ed. Xerais. Biblioteca das Letras Galegas. Edición de Luciano Rodríguez Gómez, 1991. (No sucesivo sinalada *Poetas*). *Autobiografía confidencial (As miñas ideas)*, pág. 69. ISBN 84-7507-541-X

<sup>4</sup> *Ibidem*, pág. 68.

<sup>5</sup> *Ibidem*, Aló tras do Padornelo, pág. 46.

cado Hölderlin, diante da Stiftskirche tubinguesa, onde comenzo o andar das dialécticas hegelianas, foi outro (tamén il coñeceu un adeus sen esperanza). Aquilino quéreos acompañar nesa outa, e as veces mortal melodía (*A i-auga multiforme dos meus versos escapóu-se / da represa dos ritmos isócronos / polos caneiros da emoción... / E deixou empedradol-os camiños / de estrelas mortas e de palabras murchas...*<sup>6</sup>).

Si o camiñar dos Textos ven a ser semellante ó regato bravo, que furta e acouba o corpo de cristal, e o encobilla en pegos e lagoas antes de guindarse sin medo polos caneiros, o Lector ten que percurar as suas voltas, arraxándose para entrecollelo sen que as augas ceibes recéen a ciada. Noso poeta o é de tales augas. Seu verbo xurre dende as mais limpas cumes da vella Hélide, mais non se detén alí, anque se cadra ben quixera. A noite, esa noite que é o *pranto do día*, arrastrao ata dar coas avelaneiras, cos curros e carballeiras da Terra<sup>7</sup>. É no escuro ventre dos eidos natíos onde acaesce a mutación: do ridente mar grego, ó escurento Océano. Das ardorentas soedades pánicas, á néboa que embrulla *isa escada deica o inimaxinabel* do Fisterre pintado por Otero Pedrayo. Dende a *polis* na que emerxe a sabedoría de Parménides, Platón e Aristóteles, ata o paraxe onde devanean as sombras dos mortos, e se descobre a segreda porta ós misterios do Alén. Das oliveiras, ó visgo ancestral, garda dunha sapiencia que xa era vella cando as naves de Tarsis bordexaban as orelas de granito apintado polo amarelo dos toxos.

No Texto poético vive, máis que en ningunha outra creación humá, o brillo daquil mensaxe primeiro, arrecendido neste caso có cheirume velaiño e mol das mazás de Avalón, cós versos deixan eiquí e acolá coma un dourado agasallo: *E nos camiños lonxanos da harmonía / pasou cantando o meu poema / coa cabeleira destrenzada ... / ... Naide soupo onde perdera o meu poema / a sua cintiña de seda azul...*<sup>8</sup>. Viaxe, Arela, Morte, Troque. Son as etapas que sinalan o pasaxe de totalas cousas; imaxe dun proceso dinámico, eternamente móvile, no cal tamén o negrume que acompaña á mesma aniquilación é sinal dunha Forza sempre actuante, sempre concorrente, manifestada cando a Verba chega ó Ser.

Se ata a mesma Morte pode durmir, e soñar, e revelar o segredo dos deuses, non é estraño que o poeta morra, durma e soñe un pouco despois que destilou ise licor máxico do seu Verbo: *Meu corazón maguado, desfeito de ternura, nos seus mesmos braciños, como a unha criatura, deitou a miña i-alma dôrida e lacerada...*<sup>9</sup>. Por en a linguaxe pode ser asimesmo espada, ferramenta e soño, refuxio dunha alma doorida, ou santuario onde se recollen nas houras de proba os desexos i esperanzas dun pobo despojado. Asin acaesceu cá nosa Fala. Neses momentos, cando as Verbas alean o seu caris máis fondo e ó tempo máis craro, é co poeta cobrese do alento que acompañou sempre ós vellos bardos. Non són os xogos coa vida os que conmoven e fan ferir ó Sol as follas dos árbores. Tampouco són os enganos e bulras dun fado tráxico. Os poetas són mensaxeiros, intérpretes, vieiros dos pulos que a sua mesma soedade recolle nas frondías iñoradas doutros mundos. Mais asimesmo són Cabaleiros do Abismo, armados con amores anterigos: *...Romeiros de cén mil edades, vamos ô non ser, ô abysmo, â nada*<sup>10</sup>.

Na sua viaxe vidal ¿Cantas cousas pode dicir un poeta? De todas elas eu quixera achegar namais o testemuño que vencella as Verbas có Ser do Mundo. Iso é tamén o diálogo,

<sup>6</sup> *Ibidem*, Riada, pág. 40. Tamén en A. IGLESIA ALVARIÑO, *Escolma de poesía*, Ed. Galaxia, Biblioteca Básica da Cultura Galega, 1983. (No sucesivo sinalada *Escolma*), pág. 55.

<sup>7</sup> *Poesías*, Definición, pág. 88. *Escolma*, pág. 36.

<sup>8</sup> *Poesías*, Riada, pág. 40. *Escolma*, pág. 55.

<sup>9</sup> *Poesías*, Todo estaba calado, pág. 83. *Escolma*, pág. 17.

<sup>10</sup> *Poesías*, Os Cabaleiros d'ó Abismo, pág. 78.

referimento permanente do desemeillante e plural da orixe, deica o Un e mailo Outro. Nomear –tarefa carol, inxente, dos creadores- é, neste intre do Mundo, facer que sexa a realidade-de-verdade; quizais Heidegger admite por iso que somos un diálogo dende o tempo no que *O tempo é*<sup>11</sup>.

Noso poeta de Seivane reflexa isa concencia desacougada no decorremento da sua obra. Por cima dunha evolución no estilo e no axuste da Verba, alén da sua pertencia a unha ou a outra escola, sobrepuxando inclusive os influxos doutros Autores e textos, parecúme ollar unha feitura, un desexo de vencellarse ó Mundo, que enche de inquadanzas, de desacougos, versos que doutro xeito poida que foran placenteiros. Algunha rocha agachada esmorece o lene cristal da sua poesía. Cando lembro os velaiños desexos, imaxes, sentimentos, mundos que son ou que poideran ter sido na sua poesía, xurde en min a resoancia do Pessoa lisboeta no *Livro do Desassossego: Não se subordinar a nada –nem a um homem, nem a um amor, nem a uma ideia...*<sup>12</sup>. É a independencia moral dos ascetas, daqueles seres escollidos para doar un mensaxe, mais que por iso deveñen as veces en coitadas sombras esgrouviadas: Schumann, Nietzsche, Hölderlin...

Aquilino afastase có mundo que describe. Nel é facedeiro dibuxar a evolución no axuste dos Textos, e inscribilla cronolóxicamente baixo certos epígrafes: o saudosismo de *Señardá*, o hilozoismo de *Corazón ao vento*, o clasicismo de *Cómaros verdes*. Nembargantes as crasificaciós, existe un fio común que vencella toda a sua poesía, alén do que poderíamos apoñer a simple habilidade: o alonxamento asentado na fonda concencia do relativismo inherente as cousas humáns, convencimento da fraxilidá que atinxe a ise adeprendiz dos deuses que é o Home. O ser humán ten que vivir, mais esa vida amóstrase enturbada por un *fatum*, que a vegadas trócase en desexo sen perfeizoar, en deseño esgrouviado, en soedade. Por en as suas historias son un pouco alleas, envoltas na dúbida, como enquisas botadas cara o face frio do Abismo ámago.

E iso acae coa descricion dunha Viaxe en tres grandes xeiras: A Vida, o Amor e a Morte. A vida é todo o que temos ó remate. Pulos, sentimentos, feitos nobres, anegazas ruís e traicións arrepiantes. As derradeiras son as peores porque esmorecen o espírito. A Morte non é agás o pasaxe, a síntese –bélica ou malfadada, segundo os casos- onde converxen totalas contradicións. O Amor semella o feito de marcha, a vontade de movemento do Ser; endebalde acolle tanto Vida como Morte, achegamento e lonxanía, crecemento e desfeita. Así, deste xeito, moito de Aquilino e da sua creación poética é Amor, inda que non no senso predicado a cotío pro termo. *Eu son Edipo. Si mirades ben o caso un inocente*, dí Cunqueiro<sup>13</sup>. Asina descríbese a camiñada perene dun home, o cal xunto ós seus semellantes, percura portas que non acha, persegue fuxidíós intres de luz, cre apreixar na Verba os tesouros dos deuses...e ama afervoadamente, poñendo todo o seu ser malia que nos versos fale de afastamento, de soedade (señardá): *E se os seus ollos foran estas rosas / bravas que deporondan das silveiras?...E se os seus brazos foran poderosas / hedras á esborrallar as tarroeiros...*<sup>14</sup>.

Gostaríame entrecoller nos seus poemas ises retrincos que falan da eternidade do Pensamento; dos pensamentos xiquer apreixoados na Mente; das mentes que chiscan cos seus dedos de néboa o xenio derradeiro da Verba; de verbas encheitas cóa ledicia helénica do Ser badío polas célticas campías, deixando na sua andada anacos de sí engranzados nas ponlas. A paisaxe, o día, a luz, a esperanza, a face dos poetas idos, a música que

<sup>11</sup> M. HEIDEGGER, Op. cit., pág. 27.

<sup>12</sup> F. PESSOA, *Livro do Desassossego*, Atica. Lisboa, 1982. Pág. 157.

<sup>13</sup> A. CUNQUEIRO, *Herba aquí ou acolá*, Visor Poesía. Ed. bilingüe. Madrid, 1986. Pág. 50.

<sup>14</sup> A. IGLESIA ALVARIÑO, *Poesías*, E se fora?, pág. 142.

sosten bágoas dun corazón ferido, misterios de nacementos e mortes, aparente fracaso derradeiro co que se touca o recebemento dos deuses, trunfos da Nada, nomes dos mortos, door, choros agachados, loita perene, olladas receosas ó Abismo: *Cando teña trescentos anos / serei namais que a sombra desta voz.../ Os nomes e as cousas ben amadas / serán namáis / que unha palabra lixeira...*<sup>15</sup>.

Se o Devorador, o Cronos do Comenzo, percurou endebalde a Zeus, abreñado na espelunca de Dicte xunto a Rea sua nai, isto fixo posibre o Ordenamento cósmico. Endelí sobrepúxose o Mundo encol do Tempo, e os soberbos fillos dos deuses poideron entón rexer e impor a sua vontade ó Caos primixenio. Agora, os poetas que tentan deixar seu testemuño de Verba chegada o Ser, enchen de silencio os ocos que arredan Vida e Verso, razón e celme, tempo e soedade. Talmente canta Aquilino: *Debruzado na mais alta, / o silencio primeiro e derradeiro./ Sólo o silencio*<sup>16</sup>.

Nese silencio orixinario, vou esbarar coel polo esfragadoiro da sua existencia poética. En tres poemarios escolleitos, lidos soedosamente, e as veces na compañía doutros espíritos badíos xa no mundo das sombras –Hölderlin, Pessoa, Cunqueiro...- tentarei a percura da crónica disa viaxe que, cedo ou tarde, faremos todos. *Cómaros verdes, Lanza de soledá e Nenias*, chámanse ises conxuntos de verbas no reino desacougado dos homes. Se cadra adeviñaremos os seus nomes verdadeiros, tentando de achar as resoancias da Verba no apousento o máis fondo e acochado das nosas almas.

## XOGOS DE VIDA

A verba chegada ó Ser, sobrepóñese o camiño da vida, recoñecéndose nel, sinalando todos e cada un dos seus pasos, adiantando nunha progresion cualitativa que colle os seus valores do grupo social no que nace, e ó cal volve nun troque permanente. Porque a poesía feita Verba atinxe ó ámago do Home, a súa potestade, ó carraxe que amosa o desenrollar a sua existencia; tamén a capacidades de trocamento apresentada na cadenza cotiá das cousas. Para doar este testemuño emprégase o Verbo en frol, o seu caris primeiro, o xogo cáseque virxinal do cerne que acompaña ás articulacións mesmas do mensaxe, as tencións vencelladas coel, e o seu brillo (*palabras que inda gardan o aquél da frol do liño*<sup>17</sup>). Na construción dos versos, no seu uso, maniféstase a Historia, non somentes o adiantamento léxico ou a sua xénese, agás o camiñar xunto ó Ser polo vieiro da existencia.

Se coidamos có Texto literario, e o Texto poético mesmamente, chegan a nos dende o discurso mediante o trocamento das estruturas verbo-simbólicas, e polo recebemento de aquél discurso no grupo humán cóa correspondente carga de avaliación social, coñeceremos entón que se atoparán alí apousados conceptos trascendentes encol do que pensa unha colectividade respecto do Mundo. ¿Qué ten ise grupo social na sua mente sobor da Vida? ¿Cómo o expresará de xeito que tal auto de comunicación e interpretación sexa ó tempo auto de afirmación, de singularidade, de afeizón, e de mercede divina?

Din que a Poesía non é un inxelo e achegadizo enfeite da realidade-de-verdá, e aínda menos *expresión da alma dunha cultura*<sup>18</sup>. É certo. Mais a Poesía precisa da axuda dunha concencia común, dunha matriz da que poida xurdir, arelando o camiño dos Ceos, xa que se cadra é, entre totalas Formas, aquela mais alonxada da realidade-de-verdá. Non

<sup>15</sup> *Poesías*, Cando teña trescentos anos, pág. 124.

<sup>16</sup> *Poesías*, Ibidem.

<sup>17</sup> *Poesías*, (*Eu quero oír o teu silencio*), pg. 95. *Escolma*, pg.69.

<sup>18</sup> M. HEIDEGGER, Op. cit., pg. 31

esquecemos que, para Heidegger, *a fundación do Ser está vencellada ós Sinos dos Deuses* e o celme da Poesía tecido coas *interconverxentes e interdiverxentes leis dos Sinos dos Deuses e a voz do pobo*<sup>19</sup>. É polo tanto unha Forma modelada radicalmente pola interacción dialéctica daqueles puntos de saída contrapostos. Mais non é bastante para supoñer que haxa un rompemento entre a linguaxe poética e a fala cotiá; trátase millor –segundo ademite Bajtin– da expresión poética da linguaxe, que leva o *enunciado interno* do poeta, e de que ise *enunciado* faise pola interacción do individuo e do seu grupo social, *representado polo ouvinte*, ou, se queremos, polo Lector<sup>20</sup>.

O actuar do grupo humano é recollido a veces na poesía de Aquilino Iglesia. Nesta oportunidade, en *Cómaros verdes*, o seu poemario de 1947, son as estremanzas da vida, dunha vida arraxada culturalmente, do Orde que aseñorea a Natureza, as que avantaxan a calquera outra visión da realidade expresada dende perspectivas intimistas, alleas ou alonxadas dela, ao xeito das que amosará logo en *Lanza de soledá*. Aquí tudo fala da impronta que o ser humano recada sóbor da natureza, da súa acción cultural nos elementos ceibes, a miúdo nin tan siquera suxeitos aínda, dela. O poeta di: *Por tódal-as veredas / haberá unha rolada de rapaces, / argallando nos cómaros, ó sol. / E no medio dos trigos / han de nacer brazados de cantares...*<sup>21</sup>. Destacan os elementos: *rapaces* (que argallan, xogan, ensaian sicasí, o seu porvir no grupo), *trigos* (froito demanial da agricultura, feito xurdido polo Home), *cantares* (actividade cultural cáseque sempre fincada na memoria e no pranteamento común expresado pola colectividade respecto do Mundo).

¿Cáles son, nunha colectividade coma galega, os Sinos –ou os Sinos de Sinos– que falan da Vida, que a representan e levan dende dentro da súa conciencia ata o Ser? Serán, dende logo, metáforas que refiran o nacemento, a xerminación, o froito atinxido, a combinación dos bens apañados da terra, mais asinalados culturalmente, endireitados á finalidade disposta polo Home. Así, en *Sob as avelaneiras*, vemos o xogo indicador de tres estados das cousas: o Silenzo do Orixen, o Nacemento, e a progresión posterior. O camiño está exposto cun grande prano xeral –o prano da Vida, subliñado polo Sol– no que se integran ó menos outros dous niveles seguintes: o do trocamento de estado, e o do *antes* – *despois do nacemento*. Dispoñémolo no esquema seguinte<sup>22</sup>:

	<u>ELEMENTOS</u>	<u>METÁFORAS.FIGURAS</u>
<b>1. PLANO DA VIDA</b>	<b>Sol</b>	<b>“Sol pol-as veigas”</b>
<b>Trocamento de Estado</b>	<b>Silencio do Comenzo</b>	<b>“Gargullaba o silencio por cen toupeiras craras” “Cuco de pastor boiaba mariñeiro”</b>
<b>Nacemento</b>	<b>Sol Auga</b>	<b>“Sol neno” “Auga noviña”</b>

<sup>19</sup> *Ibíd.* Pgs. 36 e 37

<sup>20</sup> R.M. ZAVALA, *La posmodernidad y M. Bajtin*, Espasa Calpe, Colección Austral, Madrid, 1991. Pg. 93. ISBN 84-239-1969-2

<sup>21</sup> *Poesías (Un día)*, pg. 47. *Escolma*, pg. 70.

<sup>22</sup> *Poesías ( Sob as avelaneiras)*, pg. 93. *Escolma*, pg. 64.

<b>Progresión posterior</b>	<b>Coores – Música</b>	<b>“Froles amarelas” “Són de fruta”</b>
<b>2. ANTES</b>	<b>DESPOIS</b>	
<b>Auga</b>		<b>“A i-auga era noviña” “Nas cuncas da alborada”</b>
<b>Alborada</b>	<b>Bautizo (Feito de integración)</b>	<b>“Bautizou o primeiro són de fruta”</b>

O trocamento de estado, proceso adegano ó xurdimento e desenrolo vindeiro dos seres vivos, está asinalado asimesmo no poema *Eu quero oír o teu silencio*. Máis aquí pódese abranger na tención do Autor, o degaro senlleiro por descolar a valía do *silencio pre-nadal*, sinal exemplar daquela mutación. Tamén é importante o referimento ás pezas poéticas por antonomasia, as Verbas, e o sino do seu desenrolo, da súa chegada á nova ceifa que lles apón o Home, ou da función que poden exercer coma fitos e puntos chave indicando o transcurso do tempo. Vémolos no verso lembrado anteriormente: *Palabras que inda gardan o aquél da frol do liño / agardando a mañá*<sup>23</sup>, no que se poden estremar os seguintes elementos:

- Estados das Verbas:	<b>AGORA</b> ( <i>inda gardan</i> ) --- <b>ANTES</b> ( <i>cando tiñan o aquél</i> )
- Transcurso do tempo:	<b>AGORA</b> ----- <b>DESPOIS</b> ( <i>agardando a mañá</i> )

Sinalemos tamén as metáforas dirixidas a descolar o comenzo da vida, o silencio devanceiro e o seu adiantamento no porvir:

<b>ELEMENTOS</b>	<b>METAFORAS. FIGURAS</b>
SILENZO	“quero oír o teu silencio...”
Novo	“Herba noviña”
Frol	“flor da i-auga”

<b>TROCAMENTO DE ESTADO:</b>	
Embarcarse	“E ceguiño me embarque...”

<sup>23</sup> Ver a nota 17

Ollemos o papel xogado no conxunto de versos por algúns conceptos que adoitan siñificados contraditorios ó empregarse na linguaxe cotiá. Por exemplo *ouvir* o *silenzo*. Semellantes antagonismos léxicos aparecen a miúdo na poesía popular, e cáseque sempre indican a proximidades, a inminencia, dun trocamento de estado nas persoas, nas cousas, ou na propia Natureza. E unha traza semellante á empregada nos refráns ou nos contos, cando se apoñen características xenuinas do ser humano as bestas, ós árbores e a outros elementos do arredor acaroado<sup>24</sup>.

Outro caris sobresainde, iste en refenda cós elementos do sistema simbólico-cognitivo galego, é o espusto no poema *Nos curros de Aldoar*, contido asimesmo no Texto que estamos a analizar<sup>25</sup>. Eiquí faise manifesta abondo a interacción entre o *enunciado interno* do Autor e o seu arredor social, cando executa a persoalización desas forzas orixinais (auga, vento, ríos) non de tudo suxeitas o feito cultural, e nas que remoe vixente unha aura bravía, coma elementos da Vida. Tal mesturanza de riscos culturais e da natureza, combinase coa representación dos feitos humanos indicada polo poeta.

<b><u>ELEMENTOS DA NATUREZA</u></b>	<b><u>ACCIONS CULTURAIS</u></b>
Vento (Ninfa: Oreade)	Voz, Falar
Mar	Pailebotes (Istrumentos)
Vento <i>pagán</i> , Rosadas	
Curros (Cabalos bravos)	Rapa, Mercado
Niños	
Xestas, Froles (vexetais salvaxes)	Leiras. Liñeiras. Centeos (froitos dos cultivos)

A identificación de forzas da Natureza coas representacións mitolóxicas (Oreade é a ninfa das serras, abandada co vento, as treboadas e as feras<sup>26</sup>) e a súa refenda acaroadada os paraxes da nosa Terra (neste ensexo, Valiño), semella conter unha dobre tención: opoñer dous universos (a Hélade e Galicia), e ó tempo, as imaxes dos ámpitos nos cales se desenrola a existencia humana (Natureza e Cultura), simbolizando así as xeiras do feito cultural: no poema é o *camiño do sol*, na realidade cotiá, o camiño da vida, suas loitas e seus retos de cote.

Refendas ós elementos da paisaxe, culturalizados ou non, mais sempre perto do actuar humano, sinalan a fonda xuntanza da xeografía coas etapas vidaís amostradas polo grupo social. O testemuño de semellante nó foi descrito por Otero Pedrayo coma un dos carís máis representativos do comportamento galego<sup>27</sup>, e reaparece aquí na prédica de Aquilino Iglesia. Seus poemas *Os prados*, *As carballeiras* e *Abedoairas*, inciden de xeito senlleiro na descrición deste preceito existencial trascendente, xenuino do noso univer-

<sup>24</sup> Véxanse os *Contos Populares da Provincia de Lugo*, Centro de Estudos Fingoy. Editorial Galaxia, 1972. Sobre todo os *Contos de tolos*.

<sup>25</sup> *Poesías (Nos curros de Aldoar)*, pg. 96. *Escolma*, pg. 80.

<sup>26</sup> Dato tomado de Luciano Rodríguez Gómez. En *Poesías*, Nota 131, pág. 96.

<sup>27</sup> Véxase sobre todo *Devalar* e *O mesón dos ermos*.



so simbólico: a paisaxe como escaario, como cadro do xurrar vidal. Esmiuzo a feito algúns destes elementos:

<b>POEMA</b>	<b>ELEMENTOS DA PAISAXE</b>	<b>FEITOS CULTURAIS</b>
<i>Os prados</i> <sup>28</sup>	Río (Miño) Parroquia (Rigueira) Concello (Pastoriza) Mansíos (do río) Herba, Sol, Albores Raxeira	Laboura (prados)  Pastoreo Andar nas rozas (Borrallo) Nenos beben <i>viño</i> de Amoras
<i>As carballeiras</i> <sup>29</sup>	O carballido Follas, feitos. O souto  Castiros Atardecer. Noite	Recollida froitos: co engazo e os carrascos  Xogos de nenos. Levar follasca nos carros.
<i>Abedoeiras</i> <sup>30</sup>	Montes. Caivancas Regatos. Veigas.Fontes Vento. Nebla. Neve. Auga. Albores. Menceres. Noite	“Pastoriñas dos montes”

Nos dous primeiros poemas podese parar mentes na xuntanza entre a paisaxe e a Vida, abranguendo esta como o conxunto dos feitos culturais ó que denantes me referín. Os distintos elementos que compoñen o *habitat* están vencellados, nos seus motivos ou na súa finalidade práctica, coas actividades agrícolas e máis co procura das bestas, tarefas ambas as dúas de grande valía na Galicia rural, e basamento do noso sistema económico de produción, ata hoxe. Despois, os xogos e garolas dos nenos, providos daqueles traballos dos adultos. Accidentes xeográficos e manifestacións metereolóxicas, que posúen tanto influxo nos textos dos autores galegos coma encol do carácter e costumes das xentes do País, tamén demarcan o desenrolo dos traballos humanos.

Xulguemos ademáis o feito de que, aínda sen falar adrede dos poboadores da paisaxe nin das súas actividades, uns e outras fanse presentes, suliñada quizáis esa presenza polo piquer mesmo daquel silencio. E o caso do terceiro poema (*Abedoeiras*), onde non existe enmenta manifesta de nengún auto persoal, máis os propios elementos do arredor descrito remprazan as criaturas humanas, fondando un xogo de vincallos que pula por riba da súa condición aparentemente inerte, outorgándolles unha animación xenuína: así cando o poeta apoñe ás abedoeiras a función –propriadamente cultural e representativa do individuo rural– de *pastoriñas dos montes*; ou dándolles a capacidade de soñar (*con noites brancas de nevada*); e tamén calificando ós ameneiros de *non amantes* e de *irmans foscas*.

<sup>28</sup> *Poesías*, pág. 98. *Escolma*, pág. 119

<sup>29</sup> *Poesías*, pág. 100. *Escolma*, pág. 121

<sup>30</sup> *Poesías*, pág. 102. *Escolma*, pág. 125

Dentro destas refendas ás metáforas da vida abranguidas na obra poética de Aquilino Iglesia, non se pode esquecer *Aló en Lamanide*<sup>31</sup>, poema de cuarenta e sete versos no cal o noso autor describe por miúdo o xogo dos elementos culturais amalloados a paisaxe, e a outro dos feitos máis representativos do sistema simbólico-cognitivo galego: a laboura da terra. Da importancia desta tarefa –e das suas demaniales- práns xentes do País, non compre falar moito. Galicia estivo sempre –inda está hoxe- intensamente ruralizada, nos seus xeitos de exprotación terrea, nas costumes, e na forma de acadal-o Mundo. Nese conxunto representativo interveñen non só os humanos, senón tamén as bestas que axudan nas labours, o resto dos caseños, as ferramentas materiais e espirituales que forman o universo simbólico, a parcelación dos terreos, sua transmisión e conserva.

O poema matinado agora conta a morte, namentras fai o rexo traballo da labranza, dun dos bois encarregados daquela tarefa; fálanos da tristura –verdadeira congoxa e moufa inmensa- percibida tanto polo compañeiro sobrevivente, coma polo labrego. O cal, enganizado, esmagado pola disgracia, xa non sabe que facer. Respeito os sentimentos cás bestas (vacas, bois), e outros seres da natureza, suxeren nos campesiños, existen exemplos dabondo na vida real e na nosa Literatura. Entre eles, traio velaquí o dito por Castelaio no conto *Manter un animal para comelo*, anaco de *Cousas*. Alí describe con xeito pictórico o camaradaxe e amizade xurdida entre dous bois *que traballaran xuntos toda a sua vida*, amostradas cando o amo véndeos para matar<sup>32</sup>. Nos países agrícolas e gandeiros, que fan disas maneiras produtivas o eixo da sua existencia, bois e vacas, ademáis de ser compañeiros fieis, provedores de forza de traballo, de mantenza e toda crase de bens, tamén aproveitan para dispoñer e interpretar-o Mundo, como quén dí, para maxinalo.

No senso de reborar a valía destas custions, lembrarei o feito –recollido por María Catedra e Carmelo Lisón, entre outros – sobor *de que xeito o medio xeográfico e as suas técnicas degredan unha economía ganadeira, a cal, ela mesma, coforma un xeito de vida pastoril* no que sobrevén *o intercambio do gado en cultura*<sup>33</sup>. No poema devandito, Aquilino dibuxa os compoñentes da paisaxe labrega, mesturando có apoio das metáforas, elementos promanantes do traballo humano e dun xeito característico de reaxir perante os influxos do Mundo.

Vexamos agora algus distes elementos:

### **ELEMENTOS**

### **METAFORAS. FIGURAS**

#### **XEOGRÁFICOS:**

**Lugares: Lamanide, Albán**

### **ELEMENTOS**

### **METAFORAS. FIGURAS**

#### **AGRÍCOLAS, GANDEIROS:**

**Leira, cómaros,**

**Cadullo, vilares,**

**Bois, xato, xuvenco, xugada**

*Xugada de bois novos*

<sup>31</sup> *Poesías, Aló en Lamanide*, pág. 104. *Escolma*, pág. 127.

<sup>32</sup> CASTELAO, A.R., *Cousas*, Ed. Galaxia, 1962. pág. 61.

<sup>33</sup> CATEDRA, M., *Vacas y vaqueiros*, en *Vaqueiros y pescadores. Dos modos de vida*. Akal, pág. 93.

**TRABALLO. SACRIFICIO. MORTE:**

<b>Sangre</b>	<i>Faces escumosas cheas de sangue</i>
<b>MORTE</b>	<i>Un dos bois ...caéu morto!</i>
<b>Separación</b>	<i>O xato sin parexa dexunguido</i>
<b>Tristura</b>	<i>Calado e sô vai o labrego</i>
	<i>O boi sin sede...</i>
	<i>Ollos estarulados e pasmados</i>

**TRÁNSITO ENTRE DOUS ESTADOS**

<b>DENANTES:</b>	<i>A xugada paróu.</i>
	<i>Que paz inmensa nas maus daquela hora chea de sol.</i>
<b>TRANSITO:</b>	<i>No aire as loias nin siquera o souperon</i>
	<i>Un dos bois ... caéu...</i>
<b>DESPOIS:</b>	<i>Fado escuro e triste</i>
	<i>Un brutamontes, triste coma noite</i>
	<i>Co seu boi sin parexa dexunguido</i>

O longo da análise puidemos decatarnos da importancia que teñen os riscos recollidos nos Textos literarios –no caso concorrente, nos Textos poéticos de Aquilino Iglesia– coma testemuños da realidade–de–verdá dun grupo social dado. Estudamos neste epígrafe as metáforas que artellan os xogos de vida dunha comunidade humá, expresados mediante un feito da linguaxe, como quen dí, entraseo dun feito asinalado, e abranguido nun proceso maior: o da Verba chegada ó Ser.

Pra engadir ise cadro, resta aínda por ollar ó que nos quere decir o poeta noutras dúas composicións de *Cómaros verdes*, tituladas *Olas salgadas* e *Esta é a mar dos solpores*. Ambal–as dúas teñen utilidade aquí porque fan referimento ó mar, peza de moita importancia dentro do sistema simbólico galego. E tamén dato trascendente no conxunto dos constructos psicolóxicos do Home, ó representar para Carl Jung o inconsciente humán, e todo o que nel poida haber de iñorado, descoñecido, témero e imprevisible.

O mar é imaxe da Vida, talmente como o pode ser da Morte. Nel resumense moitos vincallos contradictorios en aparencia; adoita enmestar degaros, anceios, esperanzas, entre as súas augas perenemente movedías. É a representación da Natureza bravía, dos reloucos salvaxes e rigorosos do divino, do Infindo. Dende a perspectiva humá, poucas cousas haberá que, como il, simbolicen millor o Alleo, a desemeianza que existe entre o Creador e as súas criaturas.

As léndas mais antergas da mitoloxía grega describen ó Océano coma cárcere onde foran recruídos os fillos de Poseidón, descendente do Cronos devanceiro, irmán de Zeus, tral–o seu vencimento nas sucesivas e xebres contendas mantidas entre homes e deuses. A contraposición de Poseidon e Atenea deliña así a loita perene entre os precuros da civilización e a forza inxente e descontrolada do Caos.

Empreso, tamén é fonte de vida. Das súas augas acedas xurdiu a posibilidade, máxica, indestructibel, do Ser. O Home tentou sempre recadar no seu pensamento o froito

daquela síntesis de conceptos opostos, e diante do mar e os seus misterios aruxou igual que o fixo perante o grande enigma da Morte; con medo, carraxe, e repuxo; mais ó tempo, sentíndose chamado pola súa voráxine e algarve. O meimiño adeprendiz dos deuses leva o mar dentro de sí, mesmamente como leva a Morte.

Para nos achegar a representación simbólica que disa inmensidades das augas fan os poboadores de Galicia, compre saber de que xeito o miran e sinten a súa presenza os aveciñados neste Fisterre ibérico. Logo pararemos mentes na maneira que se amostra no poeta de Seivane.

O mar de Galicia troca a fío a súa color. Se o asexamos dende a cume dos rochedos, daremonos conta disa increíbel mutación cromática na que interveñen o ceo, o vento, a maruxía e as ralleiras. Tamén pode viral-o seu caris: dunha certa mansedume, á mareira que pon arrepiños nos corpos e almas. Xunto as ondas encabalgadas chega ata rompente un xeito de apercibemento distinto, unha concencia nova, que á par engaiola e amedronta a quén a recibe. A súa carraxe é moito máis fonda cá do mar de Odiseo; súa vinganza, máis largacía. É a aperta potente dos netos de Cronos, que agardan a liberdade rexeitada polas cadeas impostas o seu dominio. Léndas de sereas –entes híbridos que recadan o cerne de ambol-os dous universos: Auga e Terra– capaces de arrousar ós boizáns; de vilas asolagadas por malafadas ou por non axudar coma ten de ser ós mensaxeiros da Divinidade; de antergas pelexas e vellos medos que afroran en adaxios e contos. O Mar é na Galicia unha presenza sagra, á que compre outorgar preitesía, e da cal moito se ten que rexeitar cáseque sempre.

Aquilino describe con verbas serventías e xustas o dobre xacer que amosa a contemplación do abismo acuático: a perfeición e sinxeleza do Comenzo, e a súa lonxanía tocante ó Home. En *Olas salgadas*<sup>34</sup>, descola cun primeiro xogo de metáforas ise xorne afastado e alvoreante (*Cabeleiras verdenevadas, ledas coma vidro liso, suave e frío*). Lene e frodo, coma ó son os primeiros anotos da Vida. Mais tamén concorrente a calidade mineiral, sobrehumá, disas ondas chegadas do Alén.

Si algunha propiedade amosa o mar, é a súa teimosía, unha teimosía chea, eterna, inflexible e asoballadora. O fillo de Cronos ten ó tempo o seu carón. Ten nas suas mans líquidas a totalidade do tempo de hoxe, de todol-os tempos; o da Humanidade somentes é recén caecido. O poeta sulñiao, cun aneio inqueda polo que virá logo: *Cobras de lentos lombos, olas, ondas cara a tódal-as praias*. Prosigue aproveitando o emparellamento de pezas dispaes, inclusive opostas (cobras, praias, escadeiras de luar, lilios, sangue...), para dibuxar os vestixios que a contradición do Comenzo deixara no Home e no Mar, e asomantes, a contralla dos seres mariños e os terreos. Unha das estraías actividades do ser humano sóbor do abismo acuático –a navegación, esa cabalgada medio suicida no seo dunhas forzas incontrolables– é remprazada neste poema polo traballo dos elementos orixinaes: *...a mar primeira, navegada de noites e de ventos, sin naufraxios nin ledos argonautas, terrible de inocencia, forte e bela*. Aínda rexe o silencio do Comenzo, o seu falar silandeiro. A Verba tarda en chegar. *Nun silencio de espacios infinitos*, vai surxindo a posibilidade do Ser, e polo tanto, a Vida, no que ten de presaxio, de acontecemento que axiña será narrado.

Como si estivera no Mundo do Comenzo e nos falase dende alí, o poeta expresa un carís trascendente do carácter galego. Cáseque sen querelo, deixa xurrar das suas verbas o sentido que adoita doarse nos individuos desta Terra, para enquerir aquilo que existe noutra banda das fronteiras arranxadas diante do Home polo racional e cartesiano: un desexo indeterminado doutra cousa, a sospeita de que existen realidades distintas; ou quizais mellor, de que aquilo ó que lle chaman *realidade* pode amosar faces alternativas. E un relativismo que axuda a visión múltiple, sempre afeizoada cara ós xucios abeirados,

<sup>34</sup> Escolma (*Olas salgadas*) p. 107. *Poesías*, p. 135

e cerne coas definicións excruintes sobre a Vida e o Mundo. Otero Pedrayo asinalaio tamén no *Ensayo Histórico sobre la Cultura Gallega* cando fai súa descripción encol do xenuino e diferencial no comportamento das nosas xentes<sup>35</sup>.

A imaxe disa fuxida tocante ó concreto e ó fondado, ven doada por un xogo espilido de matáforas. O Home é –pois que nomea- máis é dende a súa propia ausencia: *Velahi tedes a mar, a mar primeira*. A Terra *sin ninguén* amosa seu inxel e ledó vizador, o ofrecemento –inconcebible, inútil, se non chegara sicasí o Ser- da propia Vida.

En *Esta é a mar dos solpores*<sup>36</sup>, Aquilino engade –asegún eu coido- aquela Visión primeira. Existe, verdadeiramente, unha imaxe do mar xenuina das nosas xentes, que ó tempo describe o carís das cousas, e traslada ata a descripción dita un bon anaco das súas arelas, esperanzas e desexos. Máis a feitaura desa concencia colectiva non se pode cumprir neste nin noutro nivel, sen construír e interpretar tamén a imaxe dó Outro. Coma quen dí, Mismidade e Alteridade son conceptos fundamente vencellados dentro da configuración xeral do Ser; emporiso o compoñerse da identidade cultural pasa de xeito obrigado por un enfrontamento dialéctico entre o Un e mailo Diverso, como xeira seguinte daquel acontecemento polo que a Verba chega ó Ser.

No poema descríbese aínda o Mar do Comenzo; lar do silencio e moradía de entes estraios, vagamundos por vales e ceos de auga que socoban outra realidade (*Esta é a mar dos solpores.../ Debaixo, asolagados, fondos vales/ e alboradas con páxaros de rabos longos de silencio*). O fío das ondas é lindeiro, fronteira, con total-as propiedades das rexións que arredan ampitos distintos: un mundo de trebas, de vida para nos silandeira, máis rebordante de actividade, dunha actividade señoira e lonxana; da outra banda, o mundo *real*, onde mirámol-as augas, os ventos, o xogo das forzas orixinais. Sabendo –ou millor, matinando- aquilo que siñifica o Océano no universo simbólico galego, non estrañemos velo cheo de testemuños doutra Existencia, de que aínda durman no inconsciente colectivo as proxeccións de antergas creencias: Houbo noutrora alí unha vida feliz (*Sombra feliz, / nun comenzo abría os seus brazos quentes e poderosos...*), que foi, non estragada por catástrofes primordiales, senón máis ben levada a outro plano da realidade dende o cal prosigue influindo sobre nos.

O Mar foi para os Antigos eido dos mortos. Promontoiros e praias das súas ribeiras, altares para deuses ñorados, máis tamén portas do Alén. A vida desenrolada na outra banda non é para os galegos o Hades celobre dos Gregos, senón un xeito de acadal-o noso mundo, un razoamento máis –entre moitos- que axuda a explicar e interpretal-o Cosmos. A desemeillanza dos conceptos *vivir* e *remanecer*, subliña asimesmo o afastamento mantido entre o Universo da Hélade e o de Galicia, que descola a vegadas na poesía de Aquilino Iglesia.

Por en, na nosa tradición non se sente –segundo contece noutras culturas- pavura dos mortos, igoal que tampouco se ten do Demo. Diante desas manifestacións do Alén e do Sagro –logo de moitos séculos de cristianismo- o Galego sente respecto, ansiedade e un certo desacougo, si se quer. Mais non descoñece que a Vida aniña en moitos espazos, e que se trallada según a oportunidade dunha feitaura a outra; mesmamente pode pousar no corpo humano que en calquera outra forma fornecida pola Natureza. Tamén sabe que existen outros niveles de concencia. E ise coñecemento está arredado dabondo do racionalismo greco-román e dos seus conceptos vidales.

Aquilino leva ó seu poema todos estes sentimentos: as desemeillanzas entre o mar latino de *belas deusas brancas* (Afrodita e Venus), e mail-o Océano escuro, encorado en

<sup>35</sup> Otero Pedrayo, R., *Ensayo histórico sobre la cultura Gallega*. Editorial NOS, Santiago de Compostela, 1933, pág. 23 y s.

<sup>36</sup> *Poesías (Esta é a mar dos solpores)*, p. 108. Escolma, p. 137.

tanto é depósito do relativismo, dunha idea incerta e plural do Cosmos pola que se traduce aquela inqueda no *solpor*, na falla de relacións (*Sin chuchas*), ou quizás fora millor dicir, que se traduce en relacións doutra maneira.

O Mar ven cando a Vida é levada ata outro nivel de percepción; cando compre decaerse do estreita e mesquiña que pode chegar a ser unha visión monocromática e dirixida deica unha soa finalidade. Mais –robora o Poeta- *daquela foi a mar / as outas olas sin acougo*, e onde antes existiu o testemuño dunha realidade benaventurada, acougada e dacordo cós merecementos do seu propio comenzo, fica agora a pegada dunha realidade paralela; non a Morte, agás Outra Vida.

Contraponendo a seguridade que doa a fe (non é outra cousa o remprazar aquela loita dialéctica do Comenzo entre Orfeo e Narciso, entre Eros e Logos, polo loxicismo aristotélico) as manifestacións dunha mentalidade en reducios, un tanto allea á razón formal da Idea, que tenta a procura dun senso xeral cheo de mil posibilidades, aquelas poden semellar sombras, acedume e cinzas. Mais si emporiso é certo que, co trunfo do racionalismo tecnolóxico –fillo de semellantes liortas- e segundo describe o noso poeta, *as pesadas cabezas / afundíronse para sempre máis alá do sono...*, non será menos certo que nos pagos nosos siguen existindo anceios doutra verdade, arelas de esculcar mundos iñorados, inqueanzas que levan ata a *inmensa praderia de feitos altísimos* onde a *sombra feliz*, acorrese no *peito escuro...de cen xigantes feros de osos firmes / e anchos hombros de ouro*<sup>37</sup>.

O mar de Galicia, ese mar infindo soñado nas verbas e refrirido mil vegadas nos soños, non deu fe dos primeiros galeos do Home dirixidos a clasificar os ateibos de coñecemento chegados do seu arredor entestado. Non foi alcoube de vilas, nin mercado frolecente, nin cruxol de artes ou de leis. A desconformidade entre Mediterráneo e Atlántico xurde neste poema de Aquilino, do mesmo xeito que se manifesta nel a contralla fundamental –orixe probabel de todas cantas viñeron despois- entre o Antes (Silencio, Solpor, Felicidade) e o Despois do nacemento do Ser, testemuño da loita Natureza – Cultura, das forzas primeiras e iñomeadas do Mar contra a clasificación, o Ordenamento, a Verba, asomade, da Terra.

Máis toda expresión de Vida, todo nacemento, veñen acompañados da door, da perda da sinxeleza e da Morte. Resta samente a posibilidade de escoller o carís, a disposición coa que ollaremos a freda face do Abismo interior. Pode ser a tención rexa de non arredal-a vista dese fado desditoso, iñorando as consecuencias, soio espilido ó camiño en sí. Tamén pode ser o acompañar dun alento aberto, as voces e mensaxes que sempre arrodean a nosa camiñada. Ese pulo do espírito pode rexeitar moitas cousas, deixarse apreixoar e aldraxar polo malfado dunha existencia lineal, pero nunca chegará ó desleixo daquelas inqueanzas, ó esquecemento da súa primeira experiencia no Mar das Orixes.

Hölderlin expresa ese anceio do pasado, daqueles tempos ditosos dos desexos sen nome: *...como antano / pousan á sombra das tuas serras. Cós teus brazos / aínda novos, apertas a tua terra querida, e de total-as tuas fillas, as Illas, oh Pai, / sempre frolecente, ningunha se perdeu*<sup>38</sup>.

Aquilino acompañao no desexo feito lembranza e bágoa, no primeiro e esperanza: *Daba gozo aquel sono / e o arquexar dos seus pulmós de ferro ben batido / Entre os brazos poderosos / da mar, calada sombra en vela*<sup>39</sup>.

<sup>137</sup> Todas as citas destes párrafos son de *Esta é a mar dos solpores*

<sup>38</sup> Hölderlin, F., *Poesía completa*. Ed. 29. Barcelona, 1992, pág. 141. ISBN 84-7175344-8

<sup>39</sup> *Esta é a mar dos solpores*, xa citado.

A señardade, o lecer dos recordos, a permanencia doutros xeitos de abranguer, pensar e interpretal-o Mundo e a existencia, son na voz dos poetas, na Verba chegada ó Ser dende o fondo dos Tempos, sinais inmutables, fiables e imperecedeiras, da Vida.

## XOGOS DE AMOR

Di Ernest Renan, o historiógrafo e pensador bretón, outro gran espírito da vella proxenie céltica, que *compre cantar as mans nas entranas do Home e, cómo as feiticeiras de Macbeth, despasalas cheas cos segredos do Infindo*. Tamén roborá: *Non construímol-o Partenón, non temos o mármore. Máis sabemos coller a mouzadas o corazón e mail-a alma*<sup>40</sup>. Lonxe de min matinar agora a vella deboura sobre a comunidade de sentimentos dos galegos cos outros pobos celtas de Europa. Emporeso, para quen se meta un pouco en enquisas sobre tal custion, resultará evidente a presenza de algo espallado na maioría dos poboadores destes Fisterres atlánticos. ¿Qué pode ser aquilo? Se cadra, un anxeio. Se cadra, a inquedanza anímica da que falamos denantes. Tal vez o doito de vivir (de vivir, de amar e morrer) fondamente embrullados na paisaxe, ca Terra, có Mar e os Ventos, cos mensaxes chegados do Alén en formas de airexas e filigranas de anduriñas e volvoretas.

Otero Pedrayo pensouno así. Tamén Cunqueiro. E Aquilino o espón a voz chea nos versos do seu poemario de 1961, *Lanza de soledá*, que comentaremos neste epígrafe. Pois o Amor entre nos –se cadra tamén dalgún xeito entre todol-os humanos– é sentimento no que xogan adereito, dialécticas de oposicións (o non poder desbotarse, velahí saudades e morriñas), e as arelas irrefreables do trocamento, da viaxe.

O noso Amor desdoadamente amosará carís de paixón cruel; dende logo estará lonxe do actuar sistemático ou racionalista que no fondo caracteriza o xeito hoxe estereotipado dese sentimento. Será fiel e duradeiro, mais podese virar como viran os ventos si surxen dúbidas sobre o sentido da vida. Nembargante, non escolle doadamente xiros agros ou dramáticos, quizais por ter o convencimento de que calquera alternativa pode recibir a mesma contía en door ou en satisfaccións. O Amor, é logo desasosego.

Falando desto, o poema de Aquilino *Ainda ben non é día*, ten unha cita no comenzo, pertencente a Carles Riba, que dí:

*Non sei que de inmortal vencido / pesa dentro de min*<sup>41</sup>

Así aparece na expresión ese desacougo interno que chega dende a Orixen da Verba. A semellante planteamento responde o noso poeta: *Como cara a un espello, desconfía / do propio ser...*

Xogo de oposicións, desasosego, desconfianza, o Amor califícase por alguns como instrumento cultural, obxetivador de certas relacións sociais. Emporeso, ese esquema racionalizador non o di nin o explica todo. O anaco maior deste sentir, amergullado baixo o nivel do pensamento, é aquel que podéndose singularizar, convírtese nun risco de identidade, e non o menos sobresaínte. Amar, ama calquer ser humano; é un pulo fondamente implantado nel. Mais a expresión do Amor adopta xeitos distintos, acendidos có, e traducidos do, sistema simbólico-cognitivo artellado pola colectividade no seu caso.

En Aquilino Iglesia, esta expresión lévase a efecto mediante un xogo moi espilido e completo da súa poesía. Coel coido que responde á imaxe e ó concepto do dito sentimento nas nosas xentes. O treito de ida e volta entre a conciencia e o inconsciente,

<sup>40</sup> Renan, E., *Souvenirs d'enfance et de jeunesse*, Presses Pocket, 1992, pg. 85. ISBN 2-266-05488-0

<sup>41</sup> *Poesías (Ainda ben non é día)*. Vd. nota 142, pg. 129.

achega nestos versos o vó perplexo dos sentimentos: *Almendra aberta xa desde a nacementa, / os dous no espello vazo da conciencia / á rubárense sonos de dulzura.*

Esa viaxe incerta encol de cuio fin caseque nada se pode decir, remata na noite escura, na Tebra, cruxol onde trocan esperanzas e soños o seu celme etéreo.

Si o Amor é mestura de pulos opostos, frol perplexa e tenra, tamén é motor que embuxa ó ser humán e responsable da súa formación, da súa presenza nas loitas deste Mundo. Nos poetas galegos amosa, nembargantes, un carís peculiar, proporcionando un senlleiro ademán estético. Todo ven, coído, dese xeito de atinguil-a-vida e das relacións que se poñen ter cos seus protagonistas. O Home nasce na escuridade do Comenzo, asolagado naquel silencio; e adianta arrouzado cara a Luz que o engaiola. Máis para chegar ata ela tense que facer có poder da Verba; non só có aparello expresivo, senón ademáis coa súa capacidade connotativa. Mediante esa axuda poderá –a máis de interpretal-a experiencia-acadal-o nivel onde se desenrola o xogo dialéctico mantido polos tres intres temporales (nacemento, vida e morte) e polo enfrontamento entre dúbida e necesidade de cambio.

Tal semella seguirse do mensaxe contido no poema *Lanza de soledá* (no poemario do mesmo título<sup>42</sup>). Dende a cita de Lucrecio no comenzo ata a imaxe derradeira (door, sangue), é un pranteamento de contradicción, de antagonismos, inconciliables a outro nivel que non sexa o poético. Lucrecio é verdadeiramente o representante das teorías que falan dun Universo inmutable, fixado, indiferente ó camiño seguido polos Homes. Nel todo está sinalado e presuposto, inclusive a mesma disolución postreira. Moi alonxado de semellante certidume se atopa o poeta, toda vez que no seu arredor somentes hay noite, fracaso, e aquela dúbida sempre presente: *Aló na fonda escuridá, que són, ave ou luz pura*.<sup>43</sup>

O vincallo fondado entre *luz* e *escuridade* goberna moitas das composicións do noso Autor, namentras dese enfrontamento xurdirá o Amor como rota vidal, como movemento anímico. A desconformidade entre ese pulo irresistible que embuxa á fuxida, e o poder –malino, bondoso, indiferente quizá- do fado que rexe a Vida, amóstrase asimesmo en Cunqueiro, rubricando un xeito de ser, de sentir, de vivir e de amar:

*Sob a choiva ou ao sol agárdame / non deixes que o vento te leve /  
Morrer é mui doado / volverei aínda que co vento te foses...*<sup>44</sup>.

O Home, antes e despois de amar, no decurso trascolexado da súa vida. Unha rota aberta a total-as pescudas, a total-as mágoas. Máis emporiso chegou ó Ser a Verba:

*Mais, por eso él é home. Sombra escura. / Ola de noite cara a noite.  
Onda / dun mar sempre en fracaso...*<sup>45</sup>.

É na Orixen, nese Comenzo que somentes pode reconstruír o Verbo poético avantan-do por cima das certidumes cartesianas, onde o Ser volve a recuncar cada vez que chama á Verba. A mitoloxía describe ese desenrolo mediante as súas léndas, recollidas autramente en caseque total-as culturas europeas: dende Hermas, a parella Hermes – Afrodita, despois Eros – Logos e, derradeiramente, predominio do Logos e o encobrimento –mascaramento simbólico- de Eros. O Poeta ten que remontar esa corrente de pensamento sulagado ata as súas orixes. No caso do de Seivane –tamén en outros poetas galegos- somente poderá facelo, apoiando as azas da musa na verba, e no espírito, do pobo.

<sup>42</sup> *Poesías (Lanza de soledá)*, pg. 130.

<sup>43</sup> *Poesías*, ibid.

<sup>44</sup> Cunqueiro, A., O.cit., pg. 72

<sup>45</sup> *Poesías (Lanza de soledá)*. Ver Nota 42



A descripción e o xogo dos elementos neste poema (*Lanza de soledá*), resúmese así:

<u>ELEMENTOS</u>	<u>FIGURAS POÉTICAS</u>
<b>ANTES:</b>	
<b>Sombra. Oscuridade</b>	<i>Ola de noite cara á noite</i>
<b>INCERTIDUME: (Ave ou Luz ?)</b>	<i>Qué són, ave ou luz pura?</i>
<b>TRANSITO:</b>	
<b>Procura</b>	<i>A noite creu raer...</i>
<b>DESPOIS:</b>	
<b>Resprandor</b>	<i>Unha redonda torre de resprandor alzar....</i>
<b>Aurora. Estrela</b>	<i>Os ollos se lle iban tra'la estrela</i>
<b>Páxaros. Abrente</b>	<i>...os páxaros do amor que trán o abrente</i>
<b>AMOR</b>	<i>O peito lle pasaba lanza de soledá</i>
<b>Loita. DOOR. SANGUE</b>	

A soedade é un acedo paliativo de esperanza, máis caseque nunca mata ó Amor. Nin tansiquier a Morte pode facelo alopár. Emporiso o Amor preside a totalidade do camiño humán, o conxunto do seu ciclo (Nacemento, Vida, Morte, Renacemento...). Por en, si a Morte non é o remate, si soio é un troque pro rexurdimento, logo dela poderán atoparse alternativas esperanzadoras á door e ó fracaso. En *O sino esmorecido*<sup>46</sup> afirma o poeta: *No libro vello pón todo o sentido. / ...E cachea, / de aquí pra alí, no sino esmorecido.* ¿Existe mellor indicación encol do relativismo ámago deste proceso de enquisa?

Non quere o intérprete –o poeta- xustificá-la súa descripción co paradigma enganoso do progreso argumental. A escuridade do Comenzo, non é un estado imperfeito do cal haxa que fuxir, nin que compre perfeccionar. Noso camiño polo Amor ven a ser un anaco do propio discurso da Vida e do seu ciclo, tan pouco satisfactorio no empezo, como no final que .lembrémolo- é a porta para un novo comenzo: *Lograr, non logra nunca ser vencido / o vago xeroglifo...*

¿Onde remanece, logo, a esperanza? En agardar o paso dunha ave, que deixará tras sí un cantar esgrouviado. ¡ Ai! Non nos bulremos dos nosos vellos celtas, pois, como robo-ra Renan, aman as fadas e són amados por elas. Cando na Europa caéu o Imperio Romano, e as tebras inzaron todo, coidando as xentes que chegaba o final dos Tempos, os soñeiros das Illas –derradeiras testemuñas de Outro Mundo- acorreron a poñer sobre os seus pés o armazón escanastrado do Conocemento. Mais namentras, naqueles anos, seus hirmans continentales aprenderan a convivir coa escuridade, porque estaban alumeados por anterigos esprandores coidosamente gardados nas suas almas.

Dunhn ave, un cantar esgrouviado... Os habitantes deste País bretemoso, etéreo e deloirado como as airexas que percorren campos, fragas e camiños, non saben si cantan ou si choran; prenden buxías ó Deus e mais ó Demo cristiáns; escoitan as voces dó amor e da vida nos árbores e penedos; dan culto ás augas saltadeiras e ós páxaros fuxidíos; aseitan ó mar con ollos nos que alentan sabencias xa pasadas máis aínda non esquecidas; consultan no celobre ás forzas da noite, e namentras pasa o día, ás forzas da Terra. Todo eso é, para eles, o Amor, ese *canto feliz que ó corazón tradea, / coma un cevo de estrelas*

<sup>46</sup> *Poésías (O sino esmorecido)*, pg. 132.

*salferido*<sup>47</sup>. A esperanza ten razón de ser en tanto agarda a mudanza, pois ela é o camiño polo que ese troque chegará a nos.

Aquilino dinos ó que é a esperanza para as xentes do noso pobo. Esa esperanza que termou deles mentras escoaron os tempos mouros nos que triunfaban coitelos e forcas feudales; e máis tarde, ó chegar fames e laceiras; e aínda despois, e despois do despois... *Cando esperar é ser, nun travesío, / roda vella que xa come a ferruxe, / ...Cando esperar é ser són de goteira / nunha casa sin lume...*<sup>48</sup>. Que nadie se enfosque ca morriña destas verbas. Que ninguén troque o seu sentido, nin entolde o celme que estilan. Encobren unha alma baruda como as rochas; unha paciencia infinda; unha tención máis rexa e inmutable que a mesma Noite do Comenzo. Porque endalí veñen alma, paciencia e tención. Daquela paradoxa sobre a que se formou a posibilidade do Ser. Da dualidade indivisa que chama a sí toda contradición.

A esperanza é o nó máis fondo do Amor, a súa frol mellor gardada. Si esmorece co cercio da dúbida, quizáis morra, quizáis seña arrepañada ó Alén. As airexas das nosas campías poida que seña tamén esperanzas mortas e ánimas vagaxeiras de amores murchos, arrousadas cara a un abismo iñorado.

En *Nin laz que fora!*<sup>49</sup>, o poeta volve a deliñar un camiño sinuoso entre o Comenzo, o Mar, o Amor e a Morte. A imaxe de Penélope é o exemplo paradigmático dunha encrucillada de sentimentos –refusía, dúbida- e, ó tempo, do amor fiel mantido contra toda esperanza. Esperanza que subliña o coñecemento e a conciencia das cousas, o seu arte-lamento e xuntura, trallado ata ó Mundo e a certidume da súa mudanza.

O Amor fiel é o eixo dende o que desdobrar un abanadoiro de metáforas neste poema:

*Serpe pensamento*      — — —      MAR, ONDA  
/

AMOR FIEL (Penélope)  
/

*Mar verdadeira* — — *noite de esperanza*

Paremos mentes que no meio, Penélope é portadora cando menos de tres siñificados ou valores sociais: o Amor (lexitimado co vincallo conxugal); o traballo arreo (que é unha andada parmanente dende un estado –o Comenzo- ata outro –o Remate- xamáis conquerido nesta beira do Mundo), e a Morte (sempre é paradoxa: o mesmo se tece o veo nupcial ca mortaxa)<sup>50</sup>.

No seguinte poema, *Desvestida luz*<sup>51</sup>, nárrese a sorte do Home ó longo desa viaxe, xa dabondo lembrada, e que constitúe un verdadeiro *continuum* temático en Aquilino Iglesia. Preséntase agora como unha loita mantida contra a disgracia, contra o fado que unha e outra vez entranca e atordo a camiño. Velaquí é Ulises que colle a iniciativa ante as forzas da escuridade, conscente de que a súa enerxía interior non lle vai a aproveitar, se non a conecta ca súa fonte primeira (*a luz pura que ansia do propio ser trai consumida*). Amostrase tamén o Amor –xustamente no intre que compriría espoñerse coa meirande forza- no seu xorne paradóxico, indeterminado e disposto o troque. O héroe non pode contar coel para alumear aquelas tebras (*...no é a súa cántiga sabida de amor, que vai e*

<sup>47</sup> *Poesías*, ibid.

<sup>48</sup> *Poesías*, (*Cando esperar*), pg. 133.

<sup>49</sup> *Poesías*, (*Nin laz que fora*), pg. 134.

<sup>50</sup> Véxase unha situación semellante nas *Comedias Bárbaras* de Valle-Inclán: *Romance de lobos*, Jornada 1, Escena quinta.

<sup>51</sup> *Poesías*, (*Desvestida luz*), pg. 136

ven.). anteriormente percebemos que o Amor era desacougo. Esponse agora outra das suas consecuencias: a soedade que orixina. A presenza do Amor pon en evidencia unha característica requintada do xorne humano. Somente poderá discernirse en piquer do seu propio movemento.

Neste poema, a articulación semántica dos principais conceptos axuda a que a derradeira explicación xurda dentro da confrontación de dúas grandes concepcións:

<b>LEDICIA</b>	-----	<b>TRISTURA</b>
Viaxe, Marcha, Camiño	/	Fado, Escuridade, Silencio
Ollos (Organos da LUZ)	/	Escuro lume (TEBRA)
	/	
<b>TROCAMENTO DO ESTADO</b>		

**ULISES (O Home)    ---    AMOR**

**Rituales de paso:**

- Soledad (*Non é a sua cantiga...de amor*)
- Esconxuros (*De encanto exconxurado*)
- Silencio e Alonxamento (*Lonxe do baduar*)

**NOVO ESTADIO:**

- . Erguido (*contra a Noite*)
- . Vestido
- . (Nova) Concencia (*Lume de Verdá*)

Asegún vemos, descríbese a mudación do Home, dende un estadio devanceiro (nado da contenda dialéctica do Comenzo), ata a súa nova condición, onde acada tamén unha nova concencia, e por en, unha nova percepción da realidade, pró cal compre suxeitarse a unha riola de rituales (*de passage*, ou de paso) que axeitán ó neófito, e roboren a mutación. Endebalde falla que o Home apure a súa calidade: tense que arredar do Amor (sentimento paradóxico, que non o axuda nesa entala), remanar en silencio, agarimado de calquer influxo malfadado, lonxe do balbordo. A Soedade é o prezo a pagar por iste trocamento, mediante o qué se fai deixamento do Amor. Mail-o dito sentimento foi, a súa vez, concluinte para obrigar ó Home a cometer ese duro e ríspido camiño iniciático.

No poema seguinte (*Solo*<sup>52</sup>), Aquilino describe espilidamente os anotos do neófito no seu tronso ata a nova concencia. Fuxido xa en aparencia o Amor, remana unha manca e un silencio cheo de sofrimento. E a door da mudanza, que adoita antepoñerse e acompañar cáseque sempre á Morte, imaxe do trocamento de estado ó cal se arela. Horacio, na cita do comenzo, asinala esta condición de pasaxe segredo que teñen os versos: *Pero por todos agarda unha noite sen volta / e hai que pasar unha vez pola vereda da morte*<sup>53</sup>.

A Morte pro iniciado é soio unha fronteira que apercebe o pasaxe a outro nivel de concencia, unha existencia distinta no que, se cadra, será facedeiro achegarse un pouco máis ó gran xogo dos deuses. E cantos percuraron ese camiño agachado, fixérono na soedade dos ermos, na cendra iñota dos lobios e xevas, sempre ameazados polos perigos que aceixan ó Home dende a outra banda do seu ordeamento social, da colectividade que ó

<sup>52</sup> *Poestas, (Solo)*, pg. 137.

<sup>53</sup> *Carmina*, I, 28

acolle. Aquél que morreu pro Mundo, nace verdadeiramente para sí, vai do sono á vixilia dun coñecemento pechado para maioría. É o espertar dende o que poder ollar a Noite xa avantaxada, e o abreinte do día que nasce na nova realidade.

Mail-o camiño, sinalado pola soedade, a door e a Morte, non ten volta posible. O estadio da craridade outido non pode ser debalado nin descomposto, xa que supón un adianto cualitativo capaz de virar inteiramente aquela realidade da cal saiu, a que deixa de existir asomentes aparece a realidade nacente. Talmente dí o Poeta: *En dura luz de laz muros alzaba o triste ó seu redor...Nun ir e vir...iba tecendo a canción da alborada renacida.*

Ese anoto de non atopar saída, de ter que fuxir sempre cara adiante, é a que acompaña o fracaso do Amor. Vimos de que xeito a expresión dise sentimento fundamente humán amostra sua calidade paradóxica nas situacións de trocamento, de mudación da persoa. Veleí, ésta precisa ter seguranza que a sosteña, que terme dela, no intre do pasaxe. Mais non pode atopala no Amor, ó que ten de enxeitar, substituindo ese pulo de movemento permanente, esa necesidade de camiñar, pola inmovilidade esixida a quén agarda aquiecer a outro nivel de concencia.

A natureza dese sentimento fuxidío amóstrase tamén noutro poema, *Muro Final*<sup>54</sup>. O texto comenza asimesmo cunha cita –nesta oportunidade, de Racine- na cal dí que compre *morror todo enteiro*, sair sen deixar vestixio nengún, como quen dí, enxeitando inteiramente todo aquilo que dacondo nos vencellou á existencia devanceira: ecos, miradas, lume, adeuses... O Amor é xuntanza das almas, máis tamén valado, parede, lindeiro que rexe e condicioa a vida. É *lobo que oubea no ermo en soledá e afán que alea*. Somentes aparece na sua dimensión certa, verdadeira, cando xa se perdeu. En Aquilino utilízase a miúdo como elemento suxerente de pasaxe, do movemento do Ser deica o seu debalo e deica outros niveis perceptivos. Dende o pranteamento dos vincallos que axuntan os humáns no desenvolvemento das suas vidas, ata o estalo das contradicións e ó buxío delas mediante a ascesis e a procura doutros vencellos có Universo.

Sinalamos ese xogo de conceptos, tirados dos catro postreiros poemas comentados. Eles manteñen un xeito de obxectivo común: explicar que os conflitos providos do existir humán só poden ser avantaxados arrouzando unha viaxe sen volta cara a niveis de concencia sobranceiros.

<b>POEMA</b>	<b>VALORES</b>	<b>ELEMENTOS</b>
<i>Nin laz que fora!</i>	<b>AMOR. Traballo. Morte</b>	<b>Fidelidade, Dúbida Esperanza</b>
	<b>VENCELLOS: Casamento Vida común</b>	<b>MULLER: (Penélope)</b>
<i>Desvestida luz</i>	<b>Viaxe. Marcha</b>	<b>Ollos. Luz. Tebras HOME: (Ulises)</b>
	<b>TROCAMENTO DE ESTADO Soedade. Alonxamento</b>	
<i>Solo</i>	<b>INICIACIÓN</b>	<b>DOLOR. Ermo Esmorecemento</b>
	<b>Sen fuxida.</b>	

<sup>54</sup> *Poesías, (Muro Final)*, pg. 139.

<b>Muro Final</b>	<b>PASAXE O NOVO ESTADO</b>	
	<b>Renuncia o AMOR</b>	<b>Bágoas. Adeus</b>
	<b>MORTE (como <i>passage</i>)</b>	<b>Terra. Muro final Pensamento abatido</b>

Aquilino dóanos sua visión encol da rota imposta por ese complexo fenómeno da existencia (Vida-Amor-Morte) na criatura humá. Emporeso e apesares da sua aparente fuxida, o Amor prosigue desenrolando unha tarefa trascendente a cada intre do discurso vital, tanto na sua ceifa de motivador e razón xustificativa da existencia, como cando compre enxeitalo para comenazar outros vóos da alma.

Si nos seus poemas dianteiros foron Penélope e Ulises as representacións da parella humá, en *A gándara que encanta a cotovía*<sup>55</sup>, Prometeo –o que se aseñorou do Lume, como quen dí, do segredo dos deuses, pra llo dar os homes– ven a deliñar aquela imaxe desvaída, mudable e paradóxica do Amor. Un sentimento que ás veces doa cinzas, escuridade, aínda que tamén todol-os bens –espirituales e materiais– que o Home posúe. O Amor contén despedidas, viaxes, saídas, marcha ata outra situación. Aquelo trae aparelado o desvalemento do lar afeuzado, coberto, onde domean comportamentos tradicionais e probados na longa e irta loita mantida polos humáns contra as forzas da Natureza.

Noso poeta ó amosa mediante as seguintes metáforas e figuras:

<b>VALORES</b>	<b>METAFORAS.FIGURAS</b>
<b>Marcha. Viaxe</b>	<b><i>Nela (na partida) o batir do mar</i></b>
<b>Saída.</b>	<b><i>e seos furores.</i></b>
<b>Soedade</b>	<b><i>A coita loita en soledá cinguida</i></b>
<b>Desleixar o fogar</b>	<b><i>Outro pan non terá...</i></b>
<b>Severidade</b>	<b><i>...que os seus rigores</i></b>
<b>AMOR abandonado</b>	<b><i>En cinza rende o amor as suas apertas</i></b>
<b>BENS esgrouviados</b>	<b><i>Aire, o sol, a braña, as flores CERTAS</i></b>

Compre parar mentes na presenza do mar en todos estes traballos da musa aquiliniana. No sentido exposto liñas após, o mar é cerne salvaxe e non domeado constante na paisaxe descrita. Del chegan esas forzas que non se poden controlar, e que sobreveñen arreo no desenvolvemento da vida humá. Cas suas ondas e seu eterno bater, ca sua xiria primixenia, ameaza sempre calquer movemento do Home dirixido a trocar a ceifa que lle foi imposta por algún fado rigoroso no comenzo dos Tempos. O Océano devanceiro arela ser quen dispoña sobor da vida e a morte, e non sofre entremetementos na sua tarefa, moito menos aqueles dunha criatura menor, revirada contra os deuses e ladroa dos seus segredos.

Prometeo deu o Lume ós humáns, e có Lume, a faísca da inmortalidade que aniña nas suas almas. Unha meimiña chiscada daquel alustre sagro é o Amor, e velehi a sua afeición, velahí os seus anceios polo movemento e a mudanza; tenta voltar ó xerme, desexa

<sup>55</sup> *Poesías, (A gándara que encanta a cotovía)*, pg. 142.

mesturarse denovamente có Gran Lume divino, alén dos ceos. Por en o Amor é tamén Poesía, e Pescuda, eterna pescuda, botada cara ó abismo de mar.

Noso poeta interroga encol da natureza desa Luz que Prometeo puxo no espírito do Home, e sobor do xeito en que se revela a concencia, o pulo, que nos leva dun a outro nivel da realidade. As enquisas chegan en *E se fora?*<sup>56</sup> igoal que chegan as ondas do mar primeiro ata os pes da sagra Sibila de Cumas. Sibila –lembrémolo– garda os misterios que cinguen sempre a vida humá. En Delfos e Roma, esfinxes e sibilas responden si ben que- ren ós homes, encol das dúbedas expostas arredor do Amor, das relacións vitales, dos segredos do Alén. Dacondo, en troques de resposta expoñen xebres enquisas e fan presaxios arrepiantes. As respostas son en calquer caso, como robora Aquilino, *escuro lume...fume enroledado que trai nos dedos...*

O Home quere saber, antes de botarse á grande sorte da viaxe, da mudanza embuxada polo Amor, que lle garda o Fado. Interroga encol da natureza, das cousas que están ao redor, e que lle amostra o Amor: ¿Qué é a sombra? ¿Qué, eses ollos traspoleirados ao xeito do mar? Os brazos alongados nun xesto ¿Siñifican agarimo, ou quizáis repuxo? Sibila non responde abertamente, agás tan só co soante do mar, cos berros feridos do vento exterior, co espelliño do serán, co río barbulleiro nas campías, e tamén coas afiguracións daquelas poucas miudencias apañadas polos humanos a seu cabo. Na sua tencio- neira ambigüidade, Sibila quere asentar que, ela mesma, é tamén un anaco de nos.

Máis non todo é desalento, enquisa, fado témero e destrincado. O ser humano acadou o dominio dun pequeno número de forzas orixinarias, e as aproveita coberto das ameazas no refuxio artellado coa axuda da Cultura. Non por eso iñora ou rexeita as estremanzas do gran Poder, furtado ó seu control, que remanece alén daquelas febles fronteiras, procurando sempre aseñorarse das miudas e mortecidas faíscas do Lume roubado ós deuses.

A teima deses elementos, o que neles hai de alleo, de implacable, é motivo de temor e inseguridade, aínda que tamén é de retesía, de chamada á loita. Após das ondas friorentas do Mar do Comenzo, amóstrase un reto, o pasaxe a outro mundo, inatinxible se non é mediante a Poesía, nin tansiquier imaxinable se non é pola chama do Amor.

No escuro medo da Noite rexen os reises da Sombra, esa que *medra grande contra o muro*, asegún expón Aquilino no poema *Un arrolar moi doce de barcalla*, derradeiro dos que comentarei neste epígrafe<sup>57</sup>. Máis á par do temor do escuro emerxen esprandores que, si ben é certo, desenvólvense no cerne desa forza construída pola civilización e fornecida cos precuros abastados por ela, tamén alumean coa sua craridade as queixadas do Abismo devanceiro.

A desconformidade entre escuridá e luz, entre pescuda e misterio, asomade, entre Cultura e Natureza, condicioa e motiva o constante adiantar do Home: *Bendita seya a mar e a sua porfía! / Tras cada vaga rota, un seyo duro / de aceiro vivo cómbase seguro...*

Aquilino amostra aquí unha imaxe do xogo mantido por eses dous polos que gobernan o aquecer da Vida. Aquén, a noite, a neve, a sombra, o asalto incansable do mar. Alén, a esperanza remoente que aniña no corazón do Home, os anotos espertados nél por esa contenda infinda e polos sinos que pregoan o seu devir.

<b>ELEMENTOS</b>	<b>METAFORAS. FIGURAS</b>
<b>Noite. Neve</b> <b>Sombra. Día</b>	<i>A sombra medra grande...</i> <i>E creba o día</i>

<sup>56</sup> *Poesías (E si fora?)*, pg. 142

<sup>57</sup> *Poesías (Un arrolar moi doce de barcalla)*, pg. 143

**MAR. Loita****Xacer dos sentimentos****Estrela. Esperanza****Barcalla (Berce). FOGAR****AMOR. Vencello***Bendita seya a mar e a sua porfía!**Un grallear nenño que trastalla*

Un sentimento nado desa loita, forxado no seu estrondo, suxeito á sorte da existencia, axuda os humanos no seu camiñar. As veces é lapa aburante que o acouga desexando terminalo –mesmamente él, que é todo pulo e arela de trocamento- dentro dun refuxio afeuzado. Noutras, somentes chega ó Home coma luz dunha estrela lonxana, engaiolando cas suas chiscadas dende o Infindo: *A estrela que non sirve espreita escura, / riba da mar, as sombras asoballa...*, canta o Poeta.

Semellante sentimento é o Amor. Testemuño do nacemento, da Vida, e da Morte; do brazo que axuda, e que retén; de ofrecimentos e tencións quizáis nunca executados. Imaxe dunha forza asinaladamente humana, dun xogo feito diante do carís escaveirado e témero do Caos primixenio.

Ese Amor que existe dende sempre no corazón dos Homes, e no Verbo, chegado sicasí o Ser, dos Poetas.

## XOGOS DE MORTE

Xan Cristobo Federico Hölderlin, o Poeta, cuia sorte foi dormir o sono sen esperanza ó que son castigados todos aqueles que tentan ollar ós deuses troque a troque, dí:

*Un lume divino nos urxe día e noite, a seguir avantando. ¡Ven, pois!*

*Saiamos a campo raso, vaíamos a procurar o que é noso, por lonxe que seña* <sup>58</sup>

¿Qué eisixe o Home como seu? ¿Por qué ergue a sua voz cara ó Vacío abisal dó que ven? O Home é un anaco da Nada que contén un cacheno da inmortalidade. Esa cativa lapa, retrinco do inmenso relustro que alabarea nos divinos apousentos, pode afachar ó seu camiño dubidoso, e tamén queimalo co seu poder. Non són estranos os casos en que tal cousa acontece. Lembremos ós poetas místicos, ardidados polo seu propio lume interno. Matinemos naqueles outros que calaron para sempre, sen poder aturar a presenza da Luz.

Aquilino Iglesia fala no seu poemario de 1961, *Nenias*, deses espíritos amados, vagaxeiros xa polo reino das Sombras <sup>59</sup>. O motivo suxeridor deste Texto é polo tanto a saída derradeira, a Morte; tamén o són as pescudas sóbor da sorte que lle agarda a ese miúdo gromo de luz divina, polo cal disterámonos os humanos. O Autor estaba nas vésporas de començar él mesmo esa viaxe, e tal semella que agoaba decir adeus a todos aqueles con quen tivo parte nesta vida de anceios i esperanzas segredas.

Nembargantes a Morte, mesmamente ca Vida, non soio é o que amostra. Paradoxa derradeira a que estamos adicados dende a nosa chegada ó mundo, e sobor da cal acoubillámonos cáseque todo.

Na vella sabedoría popular –que moitos rexeitan como un conxunto van de leria sen xuício, ou no mellor dos casos, como algo xa arrecantado polos adiantos de hoxe- sempre se xulgou á Morte na ceifa de pasaxe deica niveles distintos de existencia. O falar desa silandeira e implacable compañeira, quen atesoura aquel vello entendimento, roborá que

<sup>58</sup> Hölderlin, F., *Poesía completa*, o.cit., pg. 162.

<sup>59</sup> *Poesías*, pgs. 145 y s.

morrer, é verdadeiramente levar a termo unha transferencia dende a experiencia vital ata outros planos, cáseque sempre mellores cós coñecidos acó polo Home. Se paramos mentes en semellantes razóns, decatáremonos que, á Morte, pódese chegar de moitos xeitos, e por riba de todo, dende a conciencia, dende os xogos do Amor xa feito para sí.

Autramente, ese concepto da Morte remanece fondamente apegado no sistema simbólico-cognitivo galego. Xa foi lembrado páxinas após o vencello particular dos poboadores deste Fisterre co feito universal e irremediable do acabamento da vida. O Alén, as imaxes do Trasmundo e do pasamento, informan en Galicia non só un anaco carol das tradicións, senón os traballos de moitos dos nosos literatos máis esgrevios, e tamén o espírito de convivencia das nosas xentes. Un dos feitos que millor expresan o vincallo máis fondo entre o universo cognitivo dun grupo social –nesta oportunidade, o pobo galego– e o campo literario nado de aquél, é sen dúbida o influxo mútuo entre os autos sociais, a interpretación do mundo, o mero feito de vivir expresado por unha colectividade, e o testemuño presentado polo discurso chegado ó Ser, como quen dí, feito Texto e moldado cós prestamentos representativos do grupo humano có recibe e adopta como propio.

Pero nesa liña de pensamento, a Morte é inseparable da idea do Amor, mesmamente porque ven a compoñer un anaco da Vida. Outra alma xa fuxida, Rosalía, recolle estraicamente nos seus versos a perda, o trasvío, do Amor. Porque o Amor tamén é, quizáis máis que nunca, na sua falta. A calidade paradóxica que amosa, pode axudal-o paso á nova realidade, según vimos, e actuar como catalizador dunha nova visión das cousas. Esa capacidade para ollar Morte e Amor dende outra banda da gran fronteira, ven a ser –tal dín algúns– sinal de identidade xenuina das xentes en Galicia, como pobo e como cultura.

Así o cre noso poeta de Seivane, nas distintas xeiras polas que decorre esta sua derradeira manda. Os poetas fuxidíos do mundo dos cales falamos aquí, foron testemuñas desa viaxe estraia comenzada polo Amor conscente deica a sua propia sobrepuxanza da Nada. Según adoita facer, Aquilino presenta diante do Lector liñas simpres de metáforas que logo, no propio crecemento, ábrense en múltiples mensaxes e siñificados faceiros. No poema adicado a Luis Amado Carballo<sup>60</sup>, xurde así o tema do enfrentamento –ou transición– entre dous estadios, que socoba a grande viaxe do seu héroi na percura do Final; probaremos no comentario dos restantes poemas que ésta é unha constante na maioría deles.

Matinemos agora o artellamento e a semiótica destes elementos no poema devandito:

### **ANTES**

Amor, Alegría  
Albore  
Coores. Voz

### **FIGURAS E METAFORAS**

*Ledo namorado con un nome de Albore*  
*Voz verde aurora da mañá*

### **PASAXE**

----- *Un día...abrúselles no peito*

### **DESPOIS**

Novo estado: POETA  
Terra.  
Novas mans:  
Nova voz

*Ancraron seus ollos en anchos rios quedos*  
*As suas mans foron herbiña...*  
*Voz de pradelas e auga NOVA*

<sup>60</sup> *Poesías*, pág. 147. *Escolma*, pág. 104.



É o trocamento do poeta en *ledo poeta da súa terra* ó que aquí describe Aquilino. Fálase por tanto dunha toma de conciencia, non só unha simple mudanza senón o recoñecemento ca musa dos distintos elementos que forman a paisaxe (pradelas, auga nova, ameneiros, cucos de abril...), e da recolleita dos devanditos elementos como sinais distintivas e identificadoras dunha realidade moi concreta.

Todol-os verdadeiros depositarios da Verba chegada ó Ser, teñen que sentir ese proceso iniciático ementado no poema. Porque compre o troque, chegar a un novo estado de conciencia, mediante a Morte ou por unha mutación fonda. Ese trocamento ven anunciado cáseque sempre por un acontecemento dramático, que obriga ó neófito a se arredar da compañía dos seus achegados, pra entrar no ámbito de silencio, de reflexión e recolleimento necesario, máis non exento de sofremento e door.

O transcurso inevitable do tempo, a identidade esfumiñada –esgrouviada as veces- no misterio, o desleixo dos vencellos existentes dentro das regras grupales, son, entre outros, os pasos que sinalan a transición dun estado a outro no poema titulado *Aquél*<sup>61</sup>. Fora das debouras que poidan orixinarse encol da tención do Autor deixando no anonimato o seu protagonista, ó que verdadeiramente atingue a nosa finalidade, é o esquema, o artellamento dos sinos no poema que, según veremos, abundan e afican no pranteamento desa viaxe dende a Vida ata a Morte:

<b><u>ELEMENTOS</u></b>		<b><u>METAFORAS. FIGURAS</u></b>
<b><u>SITUACION PRIMEIRA:</u></b>		
Vencello social:	(Sino)	<i>...noso amigo, Non volvéu a vir polo café</i>
Vencello familiar:		<i>Co aquel seu arco de ouro</i>
Carácter. Relacións		<i>Cos seus zapatos limpos Seu aire amigo, tan humano...</i>
<b><u>TROCO:</u></b>		
Desleixo dos lazos sociales e familiares		<i>Non lle gardaron máis aquela mesa, nin preguntou por él...</i>
MORTE posible:	(Sino)	<i>...e iba de loito, o mozo...</i>
<b><u>SITUACIÓN DERRADEIRA:</u></b>		
Noite. Escuridade.		
MORTE certa.	(Sino)	<i>Cunha pedra mancándolle as chincheiras,</i>
<i>Cunha nube de terra sobre o peito...</i>		
Sin Adeus.		
Deixar propiedades:		
(chaves, lámpara, cama, reloj...)		

Si o trocamento de estado é aquí manifesto, descólase ó longo do poema o anoto de dramatismo, de acontecemento inagardado, de pasamento que colle de supeto ó grupo social, afigurado por ises ouvintes os que se dirixe o Autor. O xeito ven a ser, en certa maneira, semellante ó que aparece nos prantos dos enterros aldeans: un circunloquio explicativo da desaparición (canto máis agrememente sobreveña ésta, tanto máis por miudo terán de ser as explicacións), e logo a xeira laudatoria ou panexférica, na que se espoñen a homía e condicións do ausente.

<sup>61</sup> *Poesías*, pág. 149

Todo elo acaesce porque o grupo ten que ser sabidor, facerse parcioneiro, abranguer, esa Morte. Si entre os difrentes exemplos que poden escollerse na Literatura galega, elegimos o amosado por Castelao en *Os vellos non deben de namorarse* (as irmáns solteiras que fan o pranto por Don Saturio, o boticario morto por namorarse de vello, noutra correspondencia significativa entre Amor e Morte), se poderá roborar a avenenza con aqueles padróns de recebemento social do feito loitoso <sup>62</sup>.

Como quen dí, a viaxe derradeira –xunto cós seus equivalentes de marcha e intercambio– traduce tamén as ideas sobre o asunto do grupo social enleado no desaparecemento. Aquél non ten outro arranxo que acoller o remate imposto, pero faino dende a súa calidade de colectividá, axeitando ó caso as compoentes simbólicas xustas, ca tención de que o lance poida ser entendido e abranguido dentro das correspondentes coordenadas vitais e afectivas.

A descripción desta mudanza sempre foi motivo de inspiración poética pra bon número de autores. Sua inevitabilidade, os fenómenos que adoitan acompañala, a inqueda que esperta en todol-os humáns, son factores axeitados prá expresión no xogo das metáforas artelladas e fiadas mediante o sentimento, que non outra cousa quere ser a Poesía. En *Polos vellos poetas que foron* <sup>63</sup> Aquilino acóllese á lembranza dos poetas mediterráneos, daqueles que nos seus versos cantaron as illas, ó mar, e ós ventos, para dibuxar a transición. Na descripción feita, a viaxe dos Homes polo tempo da Vida, superponse á viaxe da Verba para chegar ó Ser.

¿Qué reverque, entón, dese trocamento? A Verba é unha mercede dos deuses, semellante ó esprandor primeiro. O Home emprega a mestura de ambol-os dous –Verba e Lume– pra narrar a súa soedade diante da Natureza ceibe, onde, sin axuda, exprésanse con voz propia as forzas orixinales que raspuñan con dedos arrecidos nas portas do refuxio humán.

Nestes versos, e nos que virán, Aquilino quer quizás explicar a camiñada có iniciado ten que seguir ó longo da súa procura, traballosa e xebre, do Lume devanceiro. Indícanos a transición dende as edades alonxadas e supostamente benaventuradas nas que se levou a cabo o reconecemento do lugar acugulado polo Home respeito aquelas forzas rigorosas, ata ós días posteriores, máis escuros, nos que comenzou a ollarse xa millor o nó verdadeiro da loita que é a existencia.

Dende os *poetas do mar e do vento* ata os *poetas sen sorte*. Dende o rexo canto ós elementos que arrodean ó Home na súa cova, ata a saudade, requinte do sentimento de quén xa sabe, quere fuxir do que sabe e non pode facelo:

*Ai, que alta e lonxana / vai xa a súa voz escura, son amigo! / Ai, que saudade das suas maus, pálidas coma cera, / e das suas cabezas ladeadas docemente.*

Parello ó que acaesceu nos xogos de Amor, tamén acontece ca Viaxe, co trocamento, ca Morte. O viaxeiro ten que virar seu carís e doito, mesmamente o seu celme, pra que lle sexa consentido transpoñerse á Outra Beira. E o Poeta interroga con ansiedade ós vellos amigos que se foron, tantas veces lidos en soedade, tantas veces lembrados por si respostan dende a escuridá. Máis aquilo que pode semellar tenebra para quén está neste Mundo, quizáis sexa luz pros moradores do Alén, e unha Luz tan nidia, tan intensa, que os seus ollos alabarados non rexen a describela. Hai unha interdición para aqueles poucos, voltos endeica do Abismo devanceiro: non se pode falar ren encol do que agarda alén do limiar.

<sup>62</sup> Castelao, A.R., *Os vellos non deben de namorarse*. Ed. Galaxia, 1953. Lance 1, Escea VII.

<sup>63</sup> *Poesías (Polos vellos poetas que foron)*, pág. 151. *Escolma*, pág. 87.

Aquilino nomea co seu verbo a Caio Valerio Catulo, cantador do Home e dos Deuses, do Amor e da Vida; tamén a Albus Tibullus, que recolleu en verbas calmas e belidas o sosego do existir humán cando está ó agarimo do relouco divino<sup>64</sup>. *Dous mil anos de noite* arredan de nos o apouso e aquedanza daqueles días, tamén lembrados por Hölderlin, cando os Poetas convidaban a todo-os homes ós manxares benfadados, alumeados pola chama inestinguible da Verba. Decíanlles: *Amad os deuses e pensade docemente nos mortales. Entexade o arroallo e a friaxe. Gardádevos de adoutriñar e describer. E si o mestre vos amedronta pedide acordos a suprema Natureza*<sup>65</sup>. E un canto á actividade humá creadora de Novos Mundos, de novas chamadas que alumeen o atarefado camiñar da existencia.

Alá fora remanan a Noite, o escuro Océano, as Forzas ceibes e o Medo, a saudade e o vieiro dubidoso que leva ata o Alén.

Pero a coida do poeta é máis outa, e tamén, máis trágica. Seu pulo empúxao a coñecer na súa integridade o mensaxe da Terra, dos Ceos e do Mar. Certamente ten que saír, deixando após aquela lene esperanza. Ten que volverse él mesmo, apesares da door e sofrimento que, sen dúbida, traerá enriba del o troque. Precisa aseitar nos ollos dos mortos, e no cerne da súa propia alma, onde pousan aínda as resoancias daquela primeira loita entre Caos e Cosmos.

Aquilino, poeta sicasi, deixa as lucidías construcións da Edade Dourada, para seguir polo ríspido camiño do Sol deica o seu debalo. Nos versos adicados a Hölderlin<sup>66</sup> contrapón o manseliño e idílico escaerio tubingúés –ruas lucentes deitadas cabe o Neckar, mólidas cuiñas entre as que se enleva a Wurmlinger Kapelle benquerida por Ludwig Uhland –co fado sombrizo que agardaba ó destemido mozo, feitizado, mesmamente como él, pola historia e os mitos gregos.

*Ai, que bebedizo a aquél mociño lle darían  
Ai, que escuro aquél na mar clariña dos seus ollos!*

Friedrich Hölderlin pasou os trinta e sete derradeiros anos da súa vida envolto nas sombras daquello que os homes chaman loucura. ¡Quén saberá das súas visións, dos seus arroubos, nese tempo largacío, ata que por cabo acollérono as trebas da Morte! Él, que fora un dos máis outos poetas... Aquilino quere perguntar a esa sorte –non sabemos si cruel, ou bondosa- asinada a quén quixo remexer no sono desazoadado do Grande Misterio. ¿Cómo chegou o fado? ¿Cando foi mandado, e por quén, na súa procura?

*E agora, dónde sona moi vello son de frauta?  
E agora, dónde verdega o buxo de Academo?*

Ese proceso de mudación do iniciado, que pode arrousalo á loucura, á morte, ó Abismo sen volta da Noedade, amóstrase aquí ca máxima crueza nas resultas. A alma de Hölderlin, entre os bananeiros do Neckar, volveráse *pombiña branca...sin viño roxo, de alas xeadas e sin sono*. Alonxouse deica un lugar –paraxe de esprendores sen luz deste mundo, de tristura sen bágoas, de door sen sofrimento- onde xa non podían acorrela, aínda que quixeran, *dioses de gracia e pedra mármore*, onde ata a mesma Morte pode morrer...e soñar.

<sup>64</sup> *Poesías*, pág. 155 y 157

<sup>65</sup> Hölderlin, F., *Poesía completa*, xa citado, pág. 64.

<sup>66</sup> *Poesías*, pg. 161. *Escolma*, pg. 92

Noso Autor, no poema titulado *Rosalía de Castro*<sup>67</sup>, pregunta por ese iñorado limbo ó que chegan todol-os poetas, e si repousan nel pra sempre, ou si lles gardan algunha outra sorte. O interrogante expónse dende a paisaxe bucólica e solermiña, rebordante de vagarosa señardade, do arredor rosaliano: choiva largacía, herba de soño, airo tirador de mouras coitas, barcas ledas e cantadeiras do Ulla, veigas verdes e vento novo... Dende alí, cruza escuros vagantíos, témeras soedades de cafil, onde agarda o Anxel Mao, aseitando con ollos de brasa arcanxélica as esperanzas que frisan... *Ai, aquela voz quebrada! / en qué varanda de lúa, / ai!, en que verde baranda?*

O máis esgrevio cantor dos anceios humáns, podería axuntar ca Verba eses tres planos que semellan formar a realidade das cousas: Pobo, Natureza e Divinidade. Pero o máis escribio cantor non pertence ó mundo dos Homes, nin se atarefa xeralmente dos tratos deles. É o Orfeo dos vellos mitos, aquél que coñece a lingua dos paxaros e das bestas. Os poetas arelan seguir, teñen que seguir polo camiño, anque as limitacións afoguen o esplendor divino que acollen nas suas almas. Algúns deles son enlevados pola voráxine que axudan a crear cando empregan a Verba. Entón, os demáis, decatándose da ausencia do irmán, preguntan con Aquilino:

*Agora o cuco de abril, / en que altos amieiros / cucará abriles sin fin?*<sup>68</sup>

Viaxe da Morte e a door. Sinfonía das coores terras nun país bretemoso e tépedo, luces das coores chegadas do Alén, a viaxe dos poetas é a viaxe da Vida. Sua expresión, a máis nidia que se poida abranguer nesta beira do Abismo frío do Comenzo. Aquilino prega unha vez e outra ós amigos que se foron: os enlediciados nas douradas xeiras da Hélade e Roma; os celobres que se esvaíron no fondo dos tempos; os fillos desta terra galega, cuia alma colectiva está aveciñada un anaco nas illas verdes do Mar e na néboa do misterio, outro na luz das estrelas norteiras e no escorrido luar dos mortos sen nome. A un destes rexos testemuños pregunta agora.

Eduardo Pondal, nado na bisbarra de Bergantiños –oceánica, coberta de escuros e recendentes piñeirales, consagrada polas vellas pedras e labancos das medoñas- xa deixou soia á sua musa. A voz do seu cantar non resoa entre as fragas e cuiñas que ollan o mar có sosego dos séculos. Dende ese silencio, cheo de queixumes, Aquilino describe o chover olmo e maino, moldureiro de homes e paisaxe, a sombra dos árbores xurdidos á Vida nalgunha mañá tempestuosa, os seres pequenos que corretexan entre feitos e queirugas, o solpor doce das terras de lénda xunguido ó Sol que xoga con castelos de nubes teixas, e caeiras de soedade salvaxe.

¿Onde foi a parar a gravadosa feitura do poeta? ¿Qué se fixo do seu forte entendemento, ó tempo quente como as verbas dun profeta, e xeados como soio poden ser as ondas daquel Mar?

*Aló á media noite / tremba toda a sua sombra xa perdida entre a nebra / e alóngase un son leve / pol-as valgadas húmedas de orballo*<sup>69</sup>.

Nesta composición, que leva por tíduo o nome do poeta de Ponteceso, xurde un longo debuxo no que se quere calcar os riscos sobresañtes daquel limbo onde compren o seu desterro os elexidos polos deuses. Axunta elementos collidos da propia natureza bergan-

<sup>67</sup> Escolma, pg. 95.

<sup>68</sup> Escolma, ibid.

<sup>69</sup> Escolma, (Eduardo Pondal, pg. 103.

tiñana e da afiguración do Autor. Co cal, supoñemos que ese lugar misterioso ven a ser verdadeiramente, cando menos, un anaco da terra natía de cadaquén, mesturada co tecido das súas esperanzas e sonos. Os elementos principais, aqueles que lle dan corpo e feitura, son as liñas arredor das cales se alongan xuntoiros de enquisas e inquedanzas:

### **ELEMENTOS DA PAISAXE**

Nubes. Fíos de auga  
Pinares calados  
(Silencio verde)  
Ermo. Outeiros  
Nebra.  
  
Nube (bacenta, recendente)  
Chuva. Vento  
Arboladuras de silencio.  
Pinar deshabitado.  
Terras de labranza  
Estrelas  
Mar. Olas.

### **ELEMENTOS DOS SOÑOS**

Esparcer o silencio  
Sombra perdida  
(Son leve)  
  
Solpôres de ouro  
Mar parada no aire.  
Milleiros de barcos afundidos.  
  
Lentos solpores.  
Colunas roxas de ouro.  
Silencio macizo e fondo.  
Lonxana música perdida.  
Queixumes dos pinos.

### **ELEMENTOS DE PERSOAS**

Corazón. Latir  
Sombras  
Pasos  
Ollos  
Gorxa. Berros.

As metáforas do mar (endereço dos mortos) configuran sempre –lembrémolo- o xacer próximo ou alonxado segundo o ensexo, nestes poemas de Aquilino. No que rematamos a ver, as imáxenes mariñas queren vencellar o xogo dos diferentes elementos isolados, para outar unha visión indeterminada, escura adrede, desa rexión misteriosa pertencente a outra realidade, por onde coidamos anda a compañía dos poetas que se foron. Na composición adicada a Manuel Antonio <sup>70</sup>, faise maior a complexidade daquela imaxe, que deixa de ser refrinente un pouco vadío e impreciso, para tornarse vehículo e, ó tempo, camiño serventío para levar os espíritos deica o Alén.

As tradicións arredor das viaxes dos defuntos polo mar ata o Poente, son abondosas nos Fisterres europeos. A súa importancia remana reflexada nos topónimos espallados por aquela beiramar retrincada e fraguenta, fito de maruxías e ralleiras, asento de treboadas: Illas dos Deuses, Illa dos Santos, Furna dos mortos... Fin da Terra.

Moitos de semellantes nomes xa se esqueceron, tocan a feitos acontecidos en certas datas (loitas, naufraxios), ou foron trocados por outros no trascurso dos anos. O que sí remanece é a postura diante do Océano –lonxe resta agora a mar riseira da Hélade- talmente segundo a expón noso poeta.

<sup>70</sup> Escolma, pg. 103.

Denovamente vemos as metáforas da Viaxe, servindo de guía ó desenvolvemento da urdime, onde os chamamentos ó amigo xa finado sinalan o treito que leva deica unha sorte inexorable: o barco que marea entre as ondas, arrodado de argazos –representación desa vida estraia do Océano– e que camiña a toa, é decir, non dirixido pola vontade humá, senón as avesas, suxeito ás forzas non controladas do Fado derradeiro. A equivalencia entre naufraxio (que ven a ser representación do remate habido na loita do Home contra o Caos mariño), e a Morte (intre culminante da existencia humá, sinal do pasaxe a outra realidade), pecha a cadea de sinificados: frol que se espenica, que se desabrocha nas sombras *de noite*. Esa Morte, esa aparecente creba do Home, é verdadeiramente un novo empezo, o abreinte doutra Vida.

<b><u>ELEMENTOS</u></b>	<b><u>FIGURAS. METÁFORAS</u></b>
<b>VIAXE:</b>	
Mar. Oucas	<i>Mar verde de oucas</i>
Barco.	
Capitán	<i>Capitán de alto navío</i>
<b>MORTE:</b>	
A toas	<i>Boiará a toas o barco</i>
Estrela	<i>crara estrela, a sua buxola, noviña, abríuse na sombra.</i>
Pranto (Sino de pasamento)	<i>Ai, noso amigo</i>
<b>FINAL:</b>	
(Chegada a outro mundo):	<i>Aquela frol... abríuse NAS SOMBRAS.</i>

O mensaxe prosigue expresándose naquel outro poema que leva o nome de Carles Riba, esgrevio intelectual catalán, amigo de Aquilino <sup>71</sup>. Nos versos que se lle adican remanan enteiramente identificadas e integradas as imáxenes do Mar e da Morte; tamén aquelas feitura que tentan describer o universo das sombras polo que camiña o poeta fuxido. O paso ata outra vertente da realidade, espónse cun xorne crúo, cheo de tristura e señardade. As portas vanse pechando unha após da outra, coutando a volta de quen van deica o Finamento, e, ó tempo, as olladas curiosas é arelantes dos que desexan entrecoller os segredos do Alén.

*E o corazón, como unha pedra de abalar... é aquí unha chamada acugulada de morriña, que se recunca para asinalar as xeiras da transición, ó tempo inevitable e cobizada. A saída, rexida por un acaso sempre incerto, o entramento nese val de sombras e de sonos, o vieiro entabrado baixo o pulo dun fado rigoroso convocado pola teima do Poeta: ¡Ai, cuántas velas temos perdidas pola mar! / Botan por un estrañas sombras que non conoce.*

Como resume desa descripción perene do sendeiro percorrido pola alma que xa é sombra, como exame postreiro dese anxeio por conecer o que é deceado pro corazón humán, está a Verba chegada ó Ser da Poesía, a sua dicción dubidosa, o dibuxo da esperanza derradeira e do desexo, da maneira en que se amostran no poema:

<sup>71</sup> *Poesías*, pg. 103.

**ELEMENTOS****Chegada ó Limiar: (Outro Mundo)**

Ribeira  
Mar. Sombras

**METAFORAS. FIGURAS**

*Extrañas sombras que non conoce*

**Viaxe:**

Porto. Galeón  
Noites. Sonos

*...van valeirando as nosas noites  
nun galeón sin capitán.*

**Senso unidireccional da viaxe:**

Muros. Lirios cegos  
Noites pechas

*...erguendo muros calados...*

**Regras impostas o viaxeiro:**

SOEDADE  
SILENZO  
Bágoas. Tristura.

*¿Alguén agarda detrás das báguas..?  
Calado esbara un fío de bágoas...*

**Estado incerto:**

*Pastor de olas, de días.  
Aperta. Banda incerta.  
Palabras ao vento.  
Portas que se pechan.*

Si morrer é sorte certa de todo canto vive, quere o Poeta ser testemuño, facer que resoe a súa voz ferida pola dúbida, furtándolle o corpo 'o fracaso do existir sen conecer. Descreber xogos de Vida, de Amor e Morte ca metáfora alanzada deica o Abismo, vai ser, asomade, empregar a potestá que acolle a Verba nesa proba que, como Aquilino nos dí, é...*instante de dar comenzo ó sono de que acordar no espera*<sup>72</sup>.

**REMATE**

O poeta sempre é, por riba de todo, fillo do seu Pobo. Coma quén dí, alén das súas circunstancias vitais, das súas modalidades de expresión, lecturas e traballos teóricos, do seu desenrolo lóxico e temporeiro, levará co Verbo a imaxe e o xorne do grupo social que o recibíu e colleu como propio. Literatura e identidade cultural son polos que a fío trocan conceptos, sinos, sinificados e prestamentos. Por tras, sosténdoo nun tapume que verdadeiramente ven a compoñer a idea que cada cultura mantén encol da realidade, remanecen as grandes liñas de pensamento co Home posúe sóbor da Vida e da Morte, sóbor do Un e mail-o Desemellante. É nesa encrucillada onde a iniciativa podente da realidade-de-verdá, amosa súa capacidade para reaxir cas outras realidades e ordeamentos do Mundo, mediante a viaxe da Verba dende o nivel dos conceptos abstractos, ata a usanza cotiá e correntía polas xentes.

O longo das páxinas deste traballo, tentei seguir a camiñada dun poeta do noso Pobo, e asegún todos atinguimos da nosa experiencia, no é tarefa doada matinar encol dalgo tan

<sup>72</sup> *Poesías, (Soliño), pg. 166.*

enfesto e polifacético como a Vida. O seu propio xacer refusa en boa maneira os xeitos de explicación, e aínda máis, as interpretacións lineales, tallantes, ríxidas, que sóbor dela queiran doarse. O feito ata acó non é, endalí, senón unha dentre moitas vereas facedeiras para receber o mensaxe chegado ata nos dende un mundo desconecido, diferente, ó que arribaremos un día, pero do cal iñoramos cáseque todo, abrangendo a posibilidade mesma da súa existencia.

Non embargante, do xuntoiro un pouco caótico e deslavado dos datos co Existir achega, pódese recoller cando menos unha idea abeirada do que supón pro Home a potestade, a carga inmensa da Verba; das posibilidades e consecuencias ca súa vinda orixina no proceso de ordeamento e interpretación do Cósmos. Por ela, o pensamento pode achegarnos ó nó vidal característico desas persoas, sempre extranas e irrepitibles que –moitas veces ó seu pesar– son os poetas. Co seu precuro decatámonos millor da xenuina traza de ser e de maxinar, da cultura na cal nasceron e se desenvolveron.

No caso de Aquilino Iglesia Alvariño, vimol-a súa inquedaanza, a teima por aquilo que acaesce cos Homes no decorremento da rota vidal, e no vincallo respecto do que lles agarda na Outra Beira. Esa inquedaanza non é somentes o aneio dunha alma isolada, nin tampouco un refuxoiro semántico ó uso. Xulgalo así suporía –talmente coído eu– iñorar traxeitos requintados encol do que certamente é a Verba chegada ó Ser, e sóbor dos venellos fixados tan fundamente no espírito humano, considerando co Home é un ser social.

Noso Poeta trallada nos seus versos o xorne das xentes, de cuio vivir, xeito de interpretar-o arredor, e morrer, é peza inseparable. Porque tamén é inseparable da nosa maneira de ser esa inquedaanza polo porvir trascendente, o aneio de realidades diferentes, e as tencións por construír outros mundos alternativos. Non se precura avivecer estereotipos rafados, senón poñerse en contacto ca nosa alma. Non é custión de anuzar ren de canto o mundo outorga –nengún pobo pode facelo sen arriscarse a morrer– senón de ademitir aquilo que xace no fondo de nos, e que foi mandado polo vivir e polo morrer de millóns doutros seres que, tempo após, ollaron as nosas terras, o noso Mar, e ise caír maino da chuvía do Ceo... sentindo no corazón as mesmas chamadas que Aquilino fai dende a súa poesía.

Dinos dela: *...aínda matino si non será un xogo endexamáis adeprendido, no que as verbas son algo maraviloso, desgonzadas do carril do pensar de cada día.*<sup>73</sup>

Xogo prodixioso, verdadeiramente, atoparse co Mundo, e adeprender –das nosas xentes, todol-os días– o nome lexítimo das cousas sen Nome.

<sup>73</sup> *Poesías (Poética)* Ver Nota 118.